


# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 103 \* DO 25 DE ABRIL AO 1 DE MAIO DE 1980 \* 40 PTS.

## ENERXIA PARA OS MONOPOLIOS, OS POBOS AS ESCURAS



SOCIODAD ESPANOLA DE CARBIDOS METALICOS S. A.  
BARCELONA  
**SALTO DE CASTRELO**  
ALTOBA 220,0 M  
POTENCIA 41.000 KW

Foto: ALBAN



Foto: PUCHEIRO

**O Liceo de Pontevedra, un aviso  
Galicia pode quedar  
sen monumentos**

**ARMANDO CASTRO**  
Impidir o golpe anti-constitucional  
en Portugal

**O CARIBE, ESE DESCOÑECIDO**  
Arteixo: o pobo apaleado  
**DIANTE DO 1.º DE MAIO**



AS COUSAS DE CARTER

- Proibir as importacións de produtos iraní.
- Proibirles aos cidadáns norteamericanos viaxar a Irán (agás os periodistas, que hai que falar mal con coñecemento de causa).
- Proibir transaccións comerciais de individuos empresas.
- Poñer á disposición do Pentágonos as armas e equipo militar comprado e pago por Irán, aos USA e aínda non entregado.
- Pedirle autorización ao Congreso pra empregar 8000 millóns de dólares iraní conxelados en bancos norteamericanos para pagarlles indemnizacións ás familias dos rehéns e pra as empresas dos USA satisfaceren contras pendentes do Irán.
- Ameazar con non vender armas e medicinas a Irán e tentar que os "aliados" tampouco llas vendan.

Despois de todo eso, declarou Carter ("El Progreso", 19 de Abril: "No acierto adivinar otro paso que la acción militar").



Pola conta que lle tén ( seica Khomeini anda a montar un Exército de vinte millóns de cidadáns), antoxáse que a Carter, deica alá, háselles ocurrir algo.



"FABAS COCIDAS" A CATALANA

Xa saben o do profesor da Facultade de Ciencias da Información de Barcelona que dá a clase en catalán. O que pasa é que en Catalunya gárdanse as formas, e após un lene xesto de impaciencia limítase a recordar ( e procuralo, claro), "El derecho etc. etc. de recibir enseñanza en la lengua oficial, etc. etc.". Así e todo, é interesante e revelador o titular do periódico madrileño "El País" estas semanas pasadas: "El Ministerio defiende la enseñanza en castellano en la Universidad Autónoma de Barcelona."

E os que ousaban dubidar da "comenencia" de que houbera un Goberno en Madrid, que se aclaren, que xa é tempo.

NON SE PODE SER "GALLEGO"

- Pero si a mí no me interesa ni me ha interesado nunca ser ministro.

- ¡Vamos, vamos! Pío, ino seas gallego!"

A interesante conversa é un extracto da habitual sección "El Parlamento" que Raquel firma en "El Progreso". O 19 de Abril titulábase "Solidaridad de cabreos", e vexan mais extractos (fala Pío Cabanillas) "Pues mira, "filliña", a pesar de que Manolo Fraga con Antonio Carro "escarallaron" el asunto..." "Pero mujer, si es que estuve en la India y el sol quema de "carallo"

Está visto que carallo e sementantes na Prensa só poden aparecer en boca de ex-ministro e entrecomillado. Que para esto amigos, estamos feitos uns españoles "que pa qué"...



Dibuxos: FIZ VALCARCEL




DERONLLES "MORCILLA"

Xa saben que a Comisión Mixta de partidos e centrais sindicais que leva en Lugo a mobilización popular a prol da FRIGSA, fóronse xuntar o outro día a Madrid. Tíñanlles prometido que a entrevista sería co presidente do INI; pero como se agardaba, estaba reunido. Houbo, seica, vários directivos de CARCESA e vários do INI. E entanto que a Comisión Mixta plantexaba os asuntos da creación dunha factoría integral, conservación de postos de traballo, recalificación dos terreos, e outras miudezas, e os de CARCESA respostaban con máis ou menos desidia, os representantes do organismo estatal, toda a sua preocupación era o saber se na nova factoría se ían producir "morcillas negras o salchichas rojas", vid. "El Progreso" dun destes días da semana pasada.

E os lugueses seica lles respostaron que se preferían manifestación masiva e violenta ou comando silandeiro e eficiente. E se non o dixeron, fixeron mal.

RADIO TIROLIRO

DÍN-DOON!  
IA UCD DISPOSTA A TOMAR SERIAS E INMEDIATAS MEDIDAS PRA REMATAR DUNHA VEZ COA CRISE DA BISBARRA FERROLANA... PRA ESCOMENZAR REDACTA UN PRIMEIRO PAQUETE DE VITUPE-RIOS DIRIXIDOS AOS MANIFESTANTES DO PASADO DÍA 15



SUBSCREBASE A A NOSA TERRA

## O LICEO DE PONTEVEDRA FOI SO UN AVISO GALICIA PODE QUEDAR SEN MONUMENTOS

O Casino e o Liceo non arderían se houbera un equipo de bombeiros e unha infraestrutura axeitadas. Gracias aos bombeiros de Marín e a que o edificio estaba illado, non ardeu toda a parte vella" dixerón o Sr. Florez de Losada, Presidente do Casino, e é que os monumentos máis importantes de Galicia poden arder facilmente, as partes vellas das cidades poden ser pasto do lume en poucos minutos, de seguir así dotación e infraestrutura. Por non haber, non hai tomas, escasea e non ten forza a auga e abundaría para ilustralo o incendio de "Establecimientos Javiña", tamén en Pontevedra, no que tiveron que conectar a manguera ao grifo dunha casa.

A faísca pode surxir en calquera momento polas propias condicións dos edificios, a meirande parte deles de madeira; pola vetustas e sobrecargadas conducións de electricidade, así como pola non axeitada utilización dos mesmos. Istes monumentos teñen unha vida, unhas determinadas características e foron feitos, cumprindo unhas determinadas condicións, para uns usos concretos. Moitas veces a utilización que se lle dá e moi dispar respecto á que foran concebidas.

O Liceo e o Casino de Pontevedra foi un aviso, porque "mañá pode arder toda a parte vella de Santiago en poucos minutos e sen que podamos facer nada", comentounos o Sr. Carril, xefe de bombeiros composteláns.

As súas estruturas axeitadas para determinadas funcións, co paso do tempo, así como co cambio de uso veuse destruíndo paulatinamente. Urxe, por ende, a súa utilización racional, acorde nas súas características, así como unha remodelación, adetándose a usos para os que vaián ser destinados, que, craro, non deberían ser para instalar, por exemplo unha sala de festas, discoteca ou bingo. E á destrución que se está dando día a día polo seu uso e mala conservación, pódese unir en calquera momento o incendio.

### ESTRUTURA E UTILIZACION PROPICIAN O INCENDIO

Os edificios antigos teñen a meirande parte da estrutura de madeira. Latas, pontóns, vigas, voadizos, así como os pisos que son deste material. As conducións eléctricas son case sempre moi antigas ou están en mal estado, sufrindo moitas veces unha sobrecarga de tensión. O cortocircuíto pode saltar de supeito. Tamén as chamineas e o gas son moi posíbel foco de incendio.

Esto agrávese en sobremaneira nalguns edificios utiliza irracionalmente, onde se instalan servizos nada de acordo coas súas estruturas, non contando coas suficientes medidas de precaucións de seguridade.

### PRIMEIRO UN EDIFICIO, LOGO PODE ARDER A MEIRANDE PARTE DUNHA CIDADE

O incendio dun determinado monumento ou edificio na parte vella de calquera das nosas cidades, pode ser só o principio. Logo propagarse aos outros.

Como queda dito anteriormente, a meirande parte destes edificios son de madeira co que é fácil a súa combustión, así como a rapidez en propagarse. Causa que propicia en gran maneira o recalentamento que sufren as pedras das paredes, co que pasa dunha casa a outra facilmente.

Segundo o Sr. Carril, calquera parte vella das nosas cidades cos medios que se conta na actua-

lidade, pode ser desbastada totalmente xa que o lume, neste caso, se propaga, horizontalmente e non verticalmente como nos edificios de nova construción.

Débese ter en conta asemade a angostura das ruas, co que o lume pode saltar facilmente dunha casa para a de enfrente.

### NON HAI SERVICIOS DE INCENDIOS ADECUADOS, NEN ESTRUTURAS AXEITADAS

Pero se isto, de por si, sería suficientemente preocupante, agrábase aínda máis coa nula estrutura en materia de tomas de auga, así como o non contar con forza e caudal suficiente, nen con dotacións de bombeiros axeitadas e petrechadas. Poñamos por exemplo a cidade de Compostela que conta con vinte bombeiros, catorce deles andan a carón da xubilación, e que todo o material con que dispoñen é un coche "e que lle día por arrancar cando faga falla", como nos decía o responsable. No ano 30 había 36.


### O CASINO E O LICEO DE PONTEVEDRA, UN EXEMPLO

Iste edificio, de valor tanto arquitectónico, como polo que atesoraba, quedou completamente destruído. O incendio empezou no local do bingo, que meses antes fora clausurado por falla de seguridade e estendeuse a todo o edificio ante a impotencia dos bombeiros xa que non contaban con material. Por non contar non contaban con espuma nen caretas contra do fume.

No informe redactado polos técnicos dise que o incendio foi fortuito, pero non se especifican as causas. Segundo os testigos o lume escomenzou na moqueta, polo que pudo ser un cigarro. Agora ben, hai quen fala de intencionalidade, mesmamente o Presidente dixerón: "Hai quen di que foi intencionado... non sei... non sei, hai cousas raras, pero eu estou tan mal que non podo dicir nada".

O bingo foi instalado no Casino contando coa negativa de

Fotos: PUCHEIRO



Fachada do Casino. O edificio debe de ser derruído segundo os informes dos técnicos municipais.


moitos dos sócios que decían que "isto vai degradar o ambiente e onde hai xogo hai mulleres..."

Pero o bingo impúxose no local da clase máis outa de Pontevedra, que nun intré dado serviu de tribuna a algúns conferenciantes en galego, polo que Pío Cabaltes en galego, polo que Pío Cabanillas decidiu tomar a directiva, e puxo de presidente ao Sr. Malvar, que en vez destes conferenciantes empezou a traer a Rita Pavone, Antonio Gala, etc. Estas eleccións a presidente tiveron unha espetación sen igual até o punto de que foron retrasmítidas en directo por Rádio Pontevedra.

No casino tamén se celebraban os bailes da máis alta alcurnia da cidade, dándose o caso de que para estes acontecementos acudían os bombeiros (?) contratados particularmente. Cando Rivas entrou de alcalde deu a orde de que acudiran de maneira oficial ao que se negaron os traballadores.

Co incendio apareceron outros problemas. Un deles é que o edificio está en ruína por iso están pechadas as ruas colindantes, co perxuício económico para os comercios. O outro é que se vai facer co solar. As opinións son diversas: xente do Casino quere levantar outra vez o edificio, estando a espera de saber canto lles vai dar o seguro, mentras que outros preconizan (ADEGA) que no seu lugar se constrúa unha praza. Por outra banda os veciños preguntánselle que pasaría se ardera Elnosa ou Celulosa, cando os bombeiros se ven aínda impotentes de controlar un incendio destes.

ALFONSO EYRE



O Teatro do Liceo non quedaría así se se contase cos medios axeitados para a estinción.

## A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe; Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyre,

X. M. González, X. Ramón Pousa, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrado), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merçe Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández Albán.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X., Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón. Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago. Redacción: Teléfono 582681. Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

ALLARIZ

Os cartos do pobo, que revirtan no pobo

O domingo día 20, as 12 de mañá, convocada polo BN-PG, celebrouse unha manifestación, que tiña como cuadruple finalidade: esixir que non se mercara por parte do axuntamento unha finca á institución Salesiana que o pobo lle cedera hai tempo, reclamar un teléfono en cada parroquia, esixir un instituto para Allariz e protestar contra a política municipal e caciquil da UCD.



FRENAR A POLITICA ANTI-POPULAR

Na manifestación portábanse numerosas pancartas con textos parecidos, así como moitas bandeiras de Galicia coa estrela roxa. Ao remate da manifestación o tenente de alcalde do axuntamento de Allariz e Diputado provincial, Alfredo Suarez Canal, dirixiuse aos presentes. No decurso do mitin fixo referencia ao motivo da manifestación, sinalando que o alcalde e a UCD querían mercar unha finca que o pobo xa pagara e, xa que logo, tiña que ser cedida gratuitamente. "A UCD endexamais se preocupou de levar un instituto para Allariz e agora o meten polo medio para xustificar a compra dunha finca

coa que ninguén está dacordo". "Amais disto", afirmou que non se pode mercar unha finca que o pobo xa pagou, e moito menos utilizar para a compra un diñeiro que estaba destinado para as parroquias, concretamente para os teléfonos. Sinalou a importancia da manifestación como un recurso máis para presionar e impedir a cacicada que se querían cometer cando ademais se esgotaran outros camiños e a UCD non cedera. Mesmo salientou a importancia que tiña o acto, xa que por primeira vez en moito tempo

o pobo saía a rua a tentar frenar a política antipopular que se estaba a facer. Mesmo fixo referencia ás súas posicións políticas que se estaban dando no axuntamento desde que o Bloque entrara. Por unha banda, a da UCD defendendo os intereses dos de sempre, con referencia a varios datos concretos que o testemuñaban, e doutra, a do BN-PG tentando de defender os intereses do pobo. En definitiva, unha política caciquil contra outra popular. "O que acontece en Allariz é reflexo da situación de Galicia en xeral, onde as máis mínimas necesidades infraestruturais faltan, en tanto que os emigrantes envían aforros que non se invirten no país".

Presidida por cinco concellais do Bloque do axuntamento de Allariz, que portaban unha pancarta onde ían as consignas da convocatoria, salíu a manifestación, na que participaron unhas cincocentas persoas da praza do axuntamento e formada por todos os sectores sociais de Allariz, labregos, pequenos comerciantes, estudantes, obreiros, profesionais, etc....

Despois de recorrer varias das ruas da vila voltou de novo a praza. No decurso berráronse consignas como: "non, non, non a compra da finca, sí, sí, sí instituto para Allariz", "as parroquias non o teñen, teléfono queren", "teléfonos agora, caciques fora", "governemos nós a nosa terra", "Galicia ceibe, poder popular".

Balance positivo

Xoves, 17, o BN-PG deu conta pública, en Roda de Prensas celebrada en Santiago, da súa actuación nos Organismos de Administración Local no primeiro ano da súa estadia neles.





O alcalde de Fene, Xosé M. Rivera Arneso e os deputados provinciais Alfredo Suárez Canal (Ourense), Manuel Castiñeira (Lugo) e más César Pintos Barbeito (A Coruña) espuxeron o balance que a coalición nacionalista fai deste tempo de actuación no seo das institucións administrativas. O Bloque afirmou que a "a corrección dos nosos plantexamentos foi total, xa que a nosa presenza nas Corporacións está servindo para que as clases populares esteñan mellor defendidas", contribuíndo a delimitar a estrutura caciquil nos sitios onde hai concellais ou deputados nacionalistas.

Referiuse tamén o Bloque aos casos concretos onde asumiu a responsabilidade directa da xestión, ao contar co alcalde; neste tiveron dúas cousas a suliña, a primeira, que non só queda patente o carácter realizábel da súa alternativa, senón tamén a capacidade de xestión do Bloque. Trataron tamén do papel clarificador que o Bloque

asume nas Corporacións, "ao levarse tamén alí as contradicións existentes no seo da sociedade", e concretamente a contradición nacionalismo-españolismo.

Referíronse tamén os representantes do BN-PG á actuación dos diferentes grupos. As forzas máis caciquís actúan polo mesmo sistema algo modificado, e persisten os nomeados "a dedo" e outros métodos propios de tal sistema; ademais, "o tratamento non equitativo ás persoas e organismos" e o apoio decidido e ás veces descarado aos proxectos coloniais (arrecadamentos de impostos, especulación, etc). Sobranxearon aquí o papel especialmente reaccionario e arbitrario das Diputacións.

Referiuse tamén o Bloque á política "demoagóxica e ambigua" das forzas de esquerda española e pseudonacionalistas, que en principio potenciaban o dualismo esquerda-dereita para logo faceren a política de illar ao BN-PG; neste senso, Alfredo Suárez desmentiu a existencia duns presuntos "Pactos do Hostal" en que participara o Bloque, como parece que se fixera eco certo periódico diário. "Somente houbo acordo para a elección de alcaldes", diría.

AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA  ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS 

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

## PORTRAS A UCD E OS MONOPOLIOS Arteixo: o pobo apaleado

*"Chegou a Guardia Civil da Coruña, debían de ser tantos como éramos nos e viñan armados astra os dentes. Dixéronnos que saíramos. Logo o TNT. díxonos que tiñamos dous minutos para facelo, senón que nos sacaban eles e empezaron a cargar as armas cara nós, cousa que non se pode facer. ¿non é así?"*  
E con isto xa dispararon botes de fume e pelotas de goma.

No número 101, correspondente ao 11 de abril, A NOSA TERRA informaba das obras ilegais que estaban a facer Petroliber S.A. en Meicende.

A chamada ampliación, pero que en realidade é unha nova planta de Coque FCC, contou desde un principio coa oposición dos veciños, que se basean na gran contaminación xa existente que coa nova planta pasaría xa os límites permitidos, segundo uns estudos de Adega, así como o infrinxir diversas leis vixentes, como a non estar a distancia esixida das vivendas. A presión aumentou ao estarse realizando as obras sen os permisos correspondentes. Pero mentras que o Axuntamento da Coruña fixo paralizar as obras que se levaban a cabo na súa demarcación, o de Arteixo non ditou a oportuna orde.

Os veciños tentan por todos os medios que o Axuntamento de Arteixo cumpra coa lexislación vixente e sucedense diversos feitos como foron o impedirilles a entrada ao Pleno onde se estaba discutindo o concederlle a licéncia de obras a Petroliber, o presentarse no Axuntamento repetidas veces para esixirle ao Alcalde que cumprira as leis e paralizase as obras, rematando co brutal desaloxe dos veciños o xoves 17 e coa manifestación do día seguinte.

### A GUARDIA CIVIL ENFRENTADA AO POBO POR CULPA DOS MONOPOLIOS

O Xoves día 17 os veciños de Meicende, Barreiros, Nostián, Bens, Borda... presentáronse unha vez máis na lalcaldia para pedir o papel da paralización das obras. Foilles negada a entrada polos municipais, agás do Presidente da AA.VV. San José Obrero de Meicende. Pero o papel non lle foi entregado, dicíndolle que eles non sabían nada e que iso "é cousa do Sr. Alcalde", polo que decidiu esperar a que chegase, pero foi conminada a saír polos minicipes e aos cinco minutos arrastrado fora, momento en que entraron os demais veciños "xa que a casa tamén é nosa e ninguén ten porque votarnos fora".

As tres e média da tarde foron desaloxados pola Guardia Civil da Coruña "armada pra a guerra, con parabrísas e todo", como nos decía unha muller.

### "NOS NON NOS METEMOS CON NINGUEN E ELES METENSE CON NOS"

Tanto os veciños presentes na Casa Consistorial, como a xente que "viviu" o desaloxe desde fora coinciden plenamente na relación dos feitos.

Un veciño ali presente contáno así:

"Chegou a Guardia Civil da



"Nós manténdoos e els contra nosa. Mira como me puxeron".

Coruña, debían de ser tantos como éramos nos e viñan armados astra os dentes. Dixéronnos que saíramos. Logo o TNT. díxonos que tiñamos dous minutos para facelo, senón que nos sacaban eles e empezaron a cargar as armas cara nós, cousa que non se pode facer. ¿non é así?"

E con isto xa dispararon botes de fume e pelotas de goma.

A xente, sobre todo as mulleres empezou a ter medo, nós nunca viramos unha cousa así. Uns saíron pola porta, outros tiráronse pola ventana, algúns escaparon para arriba, aquilo era un desbaraxuste e non se podía respirar. Ao mesmo tempo algúns dos Guardias entraron pra dentro disparando e diestra e siniestra. Catro situáronse no descanso da escadeira e os outros esperaban fora, disparándonos, pelotas segundo saíamos. Foi che, sabes, como cando a un coello se lle meto o furón no burato. Ten que saír, non? Logo vai o cazador e ¡pun! E disparaban ao corpo, nada de rebote as pelotas que é como ten que ser. E correron tras de nós por Arteixo para diante, astra o monte non viñeron perseguindo e berraban uns aos outros que tirasen máis forte, que non nos daban."



"Alcalde dimisión, a terra é nosa", foron algunhas das consignas da manifestación. — (Fotos PUCHEIRO).

Outros dos presentes diños "Mira, había algúns Guardias que aínda disparaban ao ar, pero dous que se puxeron na azotea, facíano directamente, e foron os que feriron a Luís, cando ia recoller un compañeiro que estaba deitado xunto da cabina de Teléfonos. Aínda que nos botasen, ¿pero que facían correndo tras de nós

cando xa estabamos fora? Ademais hai moitas formas de desaloxe. A culpa é do Alcalde que foi quen firmou a orde de desaloxe, a pero non a ten toda.

### ALCALDE DIMISION

O 18 celebrouse a manifestación, legal e autorizada pese as numerosas presións, maiormente do Alcalde de Arteixo, para que non se celebrase. Empezou perto das oito e média xunto do grupo escolar e concluiu diante do consistorio de Arteixo, onde interviñeron representantes de partidos políticos e asociacións cidadáas.

Cabe destacar a intervención dun representante do PSOE que afirmou que o seu partido estaba en contra da "ampliación", que así o dixeran en Madrid, que as noticias aparecidas na prensa foran dadas polo comité comarcal. Nesas mesmas noticias os socialistas decían que estaban negociando con Petroliber. Agora tratan de enmedar, se cadra só foi aquel día para quedar ben?

Nun primeiro momento o único que apoiaba a AA.VV. era o Bloque, e moitos deles aínda non se teñen pronunciado, anque para falar andiveron todos ben agudos.

O pobo, esta vez o de Arteixo e Coruña, está sendo atacado polos monopolios. UCD saltase a torera a leis que ela mesma fixo, primeiro non praliza as obras, logo quere conceder unha licéncia contraria as normativas. Os intereses están ben claros, "cando veñen as votacións temos que acordarnos disto, agora ben se ve quen está ao noso lado e defende os nosos intereses".

## crónica política

O 1 de Maio que se avciña vai significar unha certa clarificación do panorama sindical en Galicia, en aspectos altamente positivos e tamén en novas tácticas distorsionadoras.

As centrais sindicais estatualistas UGT e CC.OO. parecen estar enfrentadas por mor dunha certa agresividade formal da segunda respecto da primeira en determinados conflitos da mediana e pequena empresa, nos que os traballadores están a soportar, dunha maneira aguda, a política económica do Goberno (regulación, peches, despidos, respresalias, etc...).

Así é que se contempla a posibilidade de que non haxa acordo, por parte de UGT, para celebrar o 1 de maio conxuntamente coa outra central española. A central que pactou coa CEOE o Convénio-Marco síntese hostilmente asediada polo que considera política absentista e permisiva de CC.OO., en determinados conflitos, coa súa base de afiliados. En Galicia, pois, a identidade filosófica de ambas as Centrais é especialmente posta en perigo por determinadas actuacións tácticas de CC.OO., xa que necesita xustificarse ante as súas bases e meterse fronte a un sindicalismo competitivo, non afeito ao colaboracionismo nén ao pactismo cos monopolios.

E este sindicalismo, de práctica probada e de ámbito nacional, o que parece vai recoller certas correntes moi conscientes, desencantadas da práctica sucursalista e convencidas da súa inviabilidade no noso país. Despois de anos de experiencia, estes sectores comprenden a necesidade dunha Central Sindical galega anti-monopolista, e que esta necesidade está concretada e cuberta nos principios e organización que dan vida á ING. Por iso, este 1 de maio vai ser celebrado conxuntamente, baixo o lema "Pola Unidade dos traballadores galegos na loita contra os moñopólios", en sete vilas, pola Central patriótica e anti-colonial e pola CTG, desconfederada e independizada xa totalmente da CSUT estatal. Sen dúbida, asistimos á percura dunha unión que se considera favorecedora dos intereses das clases traballadoras galegas. Estamos, pois, ante un primeiro paso que convertería o sindicalismo nacional na primeira Central, por número de afiliados, na maior parte do país, e na segunda na gran empresa de Vigo e Ferrol.

### CRISE EN REALIDADE GALEGA

As confusións duran, pero non son eternas, mesmo as máis encobertamente montadas. Por fin aseguran que o colectivo pensante, trascendente e político, Realidade Galega, destinado a salvar Galicia en nome da reflexión pura, está a entrar en crise...! por mor da política!!! Parece ser que algúns dos inxénuos, reclutados como compañeiros de viaxe, e algúns dos oportunistas insatisfeitos sinten malestar pola función e clarificación dos obxectivos dunha empresa que, agora, empezan a descubrir que non é a súa. De todas maneiras, que se fale de deverxencias políticas nun grupo que se autoproclamaba ao marxe da acción política, amosándose, non obstante, abertamente interesado en incidir na opinión pública e na nosa sociedade, non deixa de ser didáctico, exemplar e divertido. Efectivamente, desde o seu nacemento, non fixeron máis que declaracións políticas. ¿Qué foi senón a súa confesión e convición iniciais de autonomismo? ¿Qué foi senón o seu documento sobor do referéndo? ...

Está ben claro que o enxendo serve directamente ao sector "galeguista" da UCD, mira co ollo dereito ao PG, co esquerdo ao que consideran grandes partidos autonomistas, e esboza unha lixeira sonrisa aos "marxistas" de Unidade Galega. Todos dentro do xogo establecido.

## resumes

### REMATOU A FOLGA DO AUTOMOVIL NA CORUÑA

Vén de rematar a folga do Automóvil na provincia da Coruña despois de dez días de paro, ao chegaren a un principio de acordo as centrais ING, CC.OO e USO coa patronal do sector.

As milloras acadadas polos traballadores suben moito das dispostas no acordo marco xa que en caso de baixa cobraran o 100 por cen do salario, así como o 18 por cen de aumento, así como outras milloras na duracion da xornada e días a traballar. Este convenio terá vigor dous anos revisando se o índice de precio incluída a gasolina, pasa do 6 por cen, tendo que pagar, así mesmo cinco mil pesetas polos atrasos.

A nota negra desta folga son os catro traballadores de CC.OO que non son admitidos ao traballo. Mentras que a ING tenta mobilizar a xente por iste feito, CC.OO trata de impedi-lo.

As centrais critican, tamén, a actuación do Gobernador ao mandar arrestar aos piquetes informativos dos traballadores, non facendo o mesmo cos da patronal cando estes andiveran obrigando a pechar aos distintos talleres.

### FOLGAS NA CONSTRUCCION

ING, CC.OO e CTG teñen convocada a folga do sector da Construcción de Lugo, ao tempo que, dada a situación actual, todo fai pensar que se vaia convocar tamén no mesmo sector na provincia de Ourense. Aparte das respectivas reivindicacións de cada un dos convenios provinciais, as centrais están a reivindicar un convenio de alcance nacional, seguindo o acordo emanado da pasada Asamblea de Delegados da Construcción de Galicia.

### O DECRETO NON ORDENA NADA NOVO

Polo que parece, o novo "Decreto de Ordenación Pesqueira" vai seguir cocendo a merluza no despacho madrileño, sen mediación da ningunha instancia das "comunidades autónomas". É eso que os asuntos pesqueiros son competencia "case exclusiva" dos diferentes Estatutos.

### INVENTARIO FOLCLORICO

A academia de "Bellas Artes" da Coruña ven de acordar a realización dun inventario da música folclórica galega. A proposta xurdiu do compositor e director Roxelío Groba, membro de número da institución, e para tal xa se anuncia que se solicitarán axudas a entidades e corporacións oficiais.

## XORNAL FALADO EN EUZKADI: UNHA EXPERIENCIA PARA NON ESQUECERSE

O pasado día 5 tivo lugar en Euzkadi e concretamente en Baracaldo, a presentación dun xornal falado, organizado pola Agrupación Cultural do Condado. Basease a idea na necesidade de entrar en contacto directo coa emigración, plantexar claramente e sen revirevoltas a realidade de Galicia e ao mesmo tempo tratar de coñecer a problemática dos nosos emigrantes.

O xornal estivo conformado en dúas partes: informativa e musical. Os temas desenvolvidos foron situación económica, sanidade, ensino e laboral. A parte musical estivo representada por Suso Vaamonde, Anxo Albalde e os gaiteiros de Froito Novo de Melide.

Tanto o centro galego de Llodio como o de Baracaldo non tiveron especio dabondo na sala destinada ao acto para acoller aos asistentes. Tiveron postos de venda a entrada do acto e pegatinas coa lenda "en loita pola nosa cultura", discos de diferentes cantantes galegos exemplares do número 100 de A NOSA TERRA e viño do Condado.

Todas as intervencións foron seguidas con moita atención e os colóquios que seguiron a cada tema rexistraron un outro índice de participación.

### A REALIDADE DUN POBO

O análise da situación galega foi exposto de xeito real e crúa

mantendo en todo intre plena comunicación cos asistentes. Todas as intervencións foron interrompidas por aplausos e exclamacións de solidariedade.

A caótica situación do mundo laboral "... porque compañeiros, en Galicia hai familias que desde hai máis de dous anos non ven entrar un soldo na casa" (Manuel Soto, traballador de Censa, afiliado a ING), o demencial xeito de exercer a mensaxe "... están millor atendidos os pitos das granxas que os nosos enfermos da zona sul de Pontevedra" (Manuel Marquez), a situación de Galicia, os abusos das multinacionais e o asoballamento do pobo "... o tramo Guísamo-Barcala da Autopista, o Gobernador Civil ameaza con militarizar a zona", "... crean indústrias que, ao marxen de destruír por completo a ecoloxía, rematan cos poucos medios de supervivencia e están a converter a Galicia no basureiro da Península" (Emilio Pérez, economis-

ta), ou no ensino "a situación de asoballamento da nosa nación ven dada por un dado sintomático: nove mestres son expediantados por dar as clases en galego" (Antón Muiños, mestre). foron temas escoitados e debatidos polos asistentes.

### "...NON VAN APAGAR O NOSO FACHO

A situación do folklore nacional foi desenvolvida por Minguos, compoñente de "Froito Novo", "... a cada paso a loita pola identidade do noso pobo veise

chea de atrancos e as ofrendas aos nosos dereitos como en loita por unha identidade propia non van apagar o noso feito porque nós, tédeo por seguro, venceremos..."

A canción de Suso Vaamonde fixo asomar bagóas a moitos dos "... voltade acó emigrantes", "... a nosa patria berra é tempo de loitar". A letra e a interpretación dos seus poemas enverveceu aos compañeiros da emigración.

No remate un neno de 12 anos, fillo de emigrantes e tatar-

neto dun gaiteiro histórico O Grilo, interpretou dúas pezas moi antigas á gaita.

O Himno galego interpretado por "Froito Novo" e cantados por todos os presentes coas mans encrispadas de emoción e quen sabe de impotencia, deu remate ao acto formal.

En Llodio, a partir das dúas da tarde, rematou o xornal. A festa foi continuada por Suso Vaamonde e "Froito Novo", mentras que todos os membros da expedición foron acosados a preguntas, onde o factor común era a necesidade de emprender unha mesma loita entre todos os galegos.

En Baracaldo o presentador do xornal Santos Chaperou máis o gaiteiro foron case obrigados a baixar a Santurce para facer unha improvisación do acto eran xa as 11 da noite.

Aí queda pois unha esperanza para o futuro: conquistar que a Galicia emigrante se xunga aos que na terra están a loitar por unha nación ceibe, polo que se viu a eles ganas non lle fallan.

X.A. SUAREZ

## carta entreaberta

### O Penón

Querida Directora:

Xa hai días, e aínda semanas, que o goberno español está laiando outra volta polo Penón. De novo nos falan da "esquina clavada en el corazón de nuestra patria" e demais gaitas. E non son os diarios que se editan en Galicia os que menos laian, non: laian o unísono segundo lles mandan, coma se este llerio fora connosco. Porque nos diarios de Galicia aínda pensan que a nosa patria é España.

De xeito que teremos que aturar barbaridades de groso calibre durante unha tempada. Falarán do "último resto do colonialismo en Europa", coma se Galicia ou Bretaña foran máis ben champú. Pero a esto xa vimos afeitos despois de varios séculos, e como as cousas sigan así, haberá que dar de baixa no dicionario galego palabras coma "asombro", "abraio" e similares.

Eu tamén me fago algunha pregunta sobre estas cousas, e tamén cheguei á conclusión de que estes ministros d'agora son dun cinismo arrepiante. Porque repetindo que Inglaterra lle tén que volver o peñón ós españois, a ningún se lle acorda falar de que os españois lle devolvan Ceuta e Melilla ós marroquís. Deso non se fala nada. Débese tratar de que os españois terminen crendo que nunca romperon un prato.

Tampouco non se fala pra nada de devolver as Canarias ós



canarios, nen Galicia ós galegos. E aínda máis: eu xa teño lido as provincias de Eskadi-Norte e máis o Ruselló eran españolas. O imperialismo ser será un tigre de papel, pero a cara polo menos, téncha de cartón-pedra! Dentro de pouco reivindicarán tamén Portugal porque fala un idioma parecido ó galego. E cando te descooides, ó millor astra reivindicán toda a Romania porque houbera varios emperadores de Roma que foran españois.

O caso é meterlle á xente na cabeza cousas e cousas, xa de imperio territorial, xa espiritual. Porque neste do espírito tamén che hai moito cinismo, coma por exemplo coa Hispanidade. Os españois foron impoñer a súa lei e a súa cultura a América, isto todo o mundo o sabe. Barreron unha chea de culturas algunhas das cales eran en moitos aspectos

superiores, e senón bótalle unha mirada á arquitecta precolombiana. E teñen a santa cachaza de viren agora contándonos gaitas da obra colonizadora de España en América, que parece que lle deron unha lingua civilizadora de España e aínda unha fe, que debía ser a de Torquemada e a dos xesuítas, a da barbarie inquisitorial e das queimas de meigas. Véñense gabando agora de que eles non fixeron coma os ingleses, que esterminaron os indios, cando se non os esterminaron de todo foi porque non lles convida ou non puideron. Dentro de pouco elevarán ó Papa de Roma un relatoría pra canonización dun anxiño com Pizarro, que canso de alindar porcós e comer o duro mais honroso pan do traballo meteuse a conquistador, ou do encantador Cortés, avaro e traidor coma poucos.

Hai que ter atrevemento pra falar da lingua e da civilización que estes bandidos e delincuentes comúns levaron pra América, como se aló non tiveran unhas civilizacións e unhas linguas pra falaren. Hai que ter cara pra disfrazar de ilustres obra cultural a rapiña, o espolío, o xenocidio, o pasó asolador das hordas de ladróns. É hai que ter peito pra reclamar o dereito internacional no caso de Gibraltar e manter catro nacións afeolladas nas portas do século XXI.

DARIO XOHAN CABANA

As Centrais Sindicais que operan en Galicia tampouco van celebrar conxuntamente o 1 de Maio. Decíase que CC.OO e UGT irían xuntas, pero o acordo rachou e cada unha vai facer os actos polo seu lado. Quen sí van ir xuntas son a ING e a CTG, segundo nos informaron nunha roda de prensa celebrada en Santiago.

Os actos que programa CC.OO, agora sen UGT, son manifestacións nas capitais e vilas e cidades importantes como Vilagarcía, Riadeira, O Barco etc.. Organizará, tamén, festas populares en Vigo, A Coruña e O Ferrol.

A ING e a CTG van celebrar conxuntamente, por primeira vez o 1 de Maio facendo mobilizacións nas máis importantes vilas de Galicia e ademais, "Festas Populares" en Lugo Santiago e Vigo así como o espallamento de octavillas e carteis co lema "Contra dos Monopolios", que é o que vai presidir este ano as mobilizacións da clase obreira galega na órbita destas centrais e daqueles sindicatos de rama que se lle queiran xunquir en pe de "total igualdade", segundo manifestaron na roda de prensa celebrada o martes día vinteun en Santiago, na que participaron diversos líderes sindicais de ambas centrais.

Manifestaron, asemade, que o feito de ir xuntos os dous sindicatos non supón unha novidade importante, "xa que esta unidade xa se estaba dando na loita diaria e nos convenios, non é de agora. Non podemos aceptar un chamamento que se faga por riba da situación real. Non é posible concurrir con CC.OO e UGT, xa que a práctica sindical e de principios é moi diferente. É e que CC.OO e UGT teñen a diferéncia en canto a eleccións sindicais, pero non en canto ao proxecto sindical e político que queren artellar", remataron decindo.

"Repartin a miña vida no esforzo dunha investigación illada e o exercicio da abogacia para subsistir sempre apartado da Universidade". A partir do 25 de abril é catedrático na Facultade de Economía do Porto porque tiña dirixido a súa formación cara a Historia Económica, aspectos da Teoría Económica Xeral e mesmo os fundamentos do coñecemento humano, parello á publicación de dúzias de obras. Armando Castro, case cuarenta anos no Partido Comunista Portugués, fala da sumisión da actual política portuguesa aos USA, das grandes batallas das forzas democráticas para evitar a revisión constitucional, de como aumentan as folgas —onxe servícijs de gasolina, mañá funcionarios públicos...—; é optimista tocante ao avance das forzas antiimperialistas no mundo e ve os problemas económicos do seu país vencellados aos problemas políticos en curso: "o reequilibrio das relacións externas de Portugal, acabar co endebedamento externo herdado da política seguida desde o Goberno de Mário Soares, atallar o problema do desemprego que atinxe ao 10 por cento da forza de traballo, pesando moito sobre mozos e mulleres, combater a inflación, a maior de Europa, e o conxelamento salarial, ter en conta o problema das estruturas agrarias...". Ningún problema popular lle é alleo.

## ARMANDO CASTRO

### impedir o golpe anti-constitucional en Portugal

O sexto aniversario do 25 de abril traí indicios de desintervención das empresas nacionalizadas, devolución de terras aos grandes propietarios, cuestionar, mesmo, a Constitución, sen dubida a máis progresista da Europa occidental.

Efectivamente asistimos a unha enorme ofensiva no senso de liquidar as nacionalizacións, o control obreiro, a reforma agraria e, no fondo, o ataque da Constitución en vigor, porque queren, incluso, introducir un referendo —que é anticonstitucional— e todo isto compréndese porque a validez democrática desta operación depende de moitos condicionantes. Abonde ver que cun referendo Hitler subiu ao poder... No nivel económico, o sector nacionalizado portugués cuantitativamente, en conxunto, non se pode dicir que sexa diferente astra do sector nacionalizado cuantitativo doutros países da Europa Occidental. O que o caracteriza é abranxar industrias chave: banca, seguros, transporte rodoviario, ferroviario e aéreo, cementos... Falando de memoria non representará nen o 30 por cento da produción industrial pero en relación as inversións representa á volta do 40. O que pasa é que é un sector chave para pasar a aquilo que a Constitución en vigor —eu teño que recordar moitas veces en Portugal que a Constitución é a lei das leis— apunta: a construción democrática dunha sociedade socialista.

**Quizais un dos avances sociais máis notorios foi a Reforma agraria.**

A reforma agraria compre entendela de xeito zonal porque as estruturas agrarias en Portugal teñen unha grande diversidade. Ao norte do Tejo predomina o minifundio e fariase polo apoio á cooperativización agrícola, apoio crediticio, tecnolóxico, á comercialización de produtos que merca o agricultor. Despois ven o problema do sul, unha das rexións máis caracteristicamente latifundistas de Europa: grandes extensións non produtivas, absentistas que vivían en Lisboa do que lles daba a cortiza que desinvertían na agricultura, que transformaban amplas zonas en cotos de caza para que as autoridades do fascismo se entretiveran dúas ou tres veces ao ano... Por iso na rexión predominaba o desemprego, o abandono de cultivos, a baixa produtividade. A situación era tan alarmante que no fin dos anos 50 un economista francés, René Dumont, comentou que aquilo era un crime contra o país que algun día tiña de ser pago. E foi esta situación a que os campesiños alentexanos,



Foto XURXO FERNANDEZ

cunha capacidade de sacrificio resultante unha conciencia política extraordinaria, foron capaces de superar e hoxe defenden palmo a palmo. Porque non se trata samente de liquidar as Unidades Colectivas de Producción, non se trata só de quitarlles terras e darllas aos latifundistas; trátase, ao mesmo tempo, de liquidalas economicamente deixándolles as piores terras e separados uns dos outros. Os campesiños ocuparan á volta de 1.600.000 has., crearon pola súa propia iniciativa un sistema de autoxestión democrática e a ofensiva reaccionaria xa lles roubou 200.000 has., con gando e maquinaria.

**Vostede formou parte do Tribunal Civil da Reforma Agraria, contenos algunha testemuña, os seus obxectivos...**

O Tribunal Cívico foi promovido por un sector democrático do país con observadores extranxeiros —especialmente holandeses— e houbo testemuñas impresionantes: a descripción dunha cacería, no tempo do fascismo, en que ía o presidente Tomás e os grandes monopolistas —neste caso a familia Viñas— a unha mansión chea de obras artísticas pechada todo o ano e onde eles cultivaban trigo samente para que medraran os animais, as perdiças, e despois dúzias de campesiños a bater pa-

ra empurrar as pezas e os señores, coas escopetas dando tiros... o resto dos campos incultos... Ou aqueloutro home que cando membros do tribunal lle preguntaron se entón eles o que querían eran as terras dixo: "nos non queremos o dereito de propiedade, non queremos a terra para nada, nos só queremos o dereito ao traballo". De todo isto saíu un informe A REFORMA AGRARIA ACUSA.

**Que pretenden as forzas que cuestionan a Constitución e, pola contra, que significa mantela?**

Significa que se mantén o cadro xurídico básico de defensa das liberdades e é a batalla que traban hoxe as forzas democráticas, impedir ese golpe anticonstitucional, porque a Constitución ten disposicións que din que non poden ser revisadas, di que a reforma agraria e as nacionalizacións son irreversibles, etc. Ademais, a destrución da reforma agraria, das nacionalizacións tragneran consigo, a reconstrución da ditadura política dos sectores minoritarios e oligarcas da sociedade portuguesa. A defensa da democracia, mesmo a da democracia política, xa non falo da económica nen social, pasa pola defensa da Constitución e das conquistas democráticas que ela proclama.

Pola súa banda as forzas reaccionarias o que pretenden non é reformala senón substituíla.

**Como se encadra o ataque ao Consello da Revolución.**

O Consello da Revolución representa o que queda do movemento dos capitáns; é a presenza institucionalizada dos militares nun proceso especial como o portugués onde cumpriron un papel que leva a que a súa presenza é unha garantía de que non se subvirtan as institucións democráticas. Os que din que os militares vaían para os cuarteis dinno co fin de conspirar contra a democracia e as liberdades.

**Nos últimos anos Portugal foise insertando no campo imperialista? Que resultado tiveron, por exemplo, os préstamos do FMI?**

Esa política é a receta común do FMI. Parte do principio de que a crise é unha crise monetaria, que a inflación resólvese absorbedo poder de compra, logo nesta lóxica toca baixar os salárijos. Portugal confrontábase cunha crise a varios niveis. Unha de equilibrio externo cun grande déficit na balanza comercial e de pagos, déficit que nesta diminuíu un pouco pero a conta de moitos e graves factores e sen querer dicir que non houbera unha política alternativa capaz de combater as dificultades. Coido que o problema está entre dous tipos de política económica unha autocentrada, que non quere dicir autarquía, que apelara para as forzas nacionais ou a política do FMI que levou a que as pequenas e medias empresas teñan enormes dificultades para subsistir con intereses ao 19 e 20 por cento e os traballadores ollen descender os salárijos reais que xa están a altura do 25 de abril do 74.

**Outro paso máis será a posíbel integración na CEE ¿que opina?**

Aínda que cando se formou a CEE o sistema capitalista estaba nunha fase de relativo desenvolvemento eu vía e vexo que a institucionalización do capital monopolista non serve os intereses da economía portuguesa senón aos casamentos de conveniencia dentro da propia CEE —para o gran capital é ventaxoso un mercado unificado, con centenas de millóns de habitantes dun alto nivel de consumo, as facilidades na fusión— pero que non ten condicións para superar problemas específicos do propio sistema xa que cando a década dos sesenta chega ao fin entra nunha crise que demostra que o éxito da

CEE non resultaba da súa existencia senón dunha coxuntura económica histórica especial.

**Crise que atinxe, mesmo á capacidade de emprego nos países comunitarios**

Institucionalizouse un grado de desemprego que non parece coxuntural senón ligado ao que algúns economistas chaman unha crise aguda no proceso de realización do capital, o marxe de beneficios esta baixando e implica un esforzo no senso de reorganizar a división internacional do traballo, polo que os países punta —USA, Alemaña Federal e Xapón— reservan para si as industrias chave en relación aos medios de produción. Por outra banda hai un problema estrutural nos países da CEE que é o diferente nivel de desenvolvemento e que en relación a Portugal, amais de ter un grao de produtividade medio moi inferior ao da CEE igual que os salárijos, en termos relativos, compense que a maior parte da nosa produción industrial é de pequena e media empresa sen que poida readaptarse, todo iso agravado porque desde o 76 os sucesivos gobernos fixeron unha política de sacrificios das clases traballadoras en beneficio dunha acumulación capitalista acelerada.

**Finalmente, como membro do PCP que opinión ten sobre a militancia do intelectual no seu país.**

Os intelectuais portugueses teñen unha honrosa tradición de loita antifascista, en bloque non traicionaron ao seu pobo, foi un obstáculo que o fascismo non logrou dominar. É evidente que, instauradas as liberdades públicas, os intelectuais fixeron as súas opcións. Non, non hai intelectuais independentes, pode habelos apartidarios, persoas que por diversas circunstancias non queiran ingresar nun partido político. Agora, que a cuberto do apoliticismo nos queiran meter gato por lebre iso si que non, porque non hai ningún que non faga unha opción social, que non faga proxectos, que non teña obxectivos na vida, escolla. O problema da independencia é en función do modelo de sociedades que queiran. Comprendo que un queira un modelo dentro dos cadros económicos da Europa Occidental con liberdades públicas, outro que idealice unha sociedade con algunhas reformas, e, anque eu este convencido de que eso é historicamente unha ilusión é diferente de respetar esas opinións.

MARGARITA LEDO

resumes

A ASAMBLEA DE ENSINAN-  
TES PREPARA O  
17 DE MAIO

A Asamblea Nacional de Ensinantes, á que como se agardaba xa lle retirou o apoio CC.OO., volveuse xuntar sábado 19 en Santiago. Aparte de denunciar publicamente á Comisión Mixta Xunta de Galicia-Ministerio de Educación por non ter recibido á Comisión que lle ía entregar as autodenuncias dos ensinantes en galego, acordou efectuar esa entrega o día 10, recibíranos ou non. Noutra orde de cousas, a Asamblea solidarizouse cos casos de represión polo uso do idioma nacional a alumnos de diversos centros, e o profesor da Universidade Autónoma de Barcelona, denunciado por 35 alumnos por dare as suas clases en catalán, incidíndose no carácter represivo do Decreto catalán de Bilingüismo parello ao galego. Noutra orde de cousas, a Asamblea acordou solicitar que o vindeiro Día das Letras Galegas se declare Festa Escolar a fin de adicalo as actividades propias do día, e pedir definición de claustros, profesores e alumnos sobre a represión lingüística, todo arredor do lema "Polo dereito irrenunciábel ao uso do noso idioma", que a Asamblea Nacional de Ensinantes de Galicia lle aporou o 17 de Maio deste ano.

PONTEVEDRA

CONTRA A POLITICA  
AGRARIA DO GOBERNO

Domingo 20, celebrouse a manifestación das Comisións Labregas contra a política agraria do Goberno, no seu día adida. Máis de 500 persoas, entre as que se contaba unha representación dos alcaldes e concelleiros do Bloque Nacional-Popular Galego, desfilaron dende o Campo da Feria á Ferreira, lugar no que houbo que acabar a pesares de estar proxectado o fin na Praza de Méndez Núñez. Durante o recorrido sonaron as consignas habituais nas mobilizacións do sindicato agrario nacionalista:

"Fora a Cuota Empresarial", "Especulantes de aprémio, supresión", "Mercado Común: Política Agraria do Goberno, é a ruína do agro galego", contra o Estatuto do Leite, a Cuota Empresarial e "Comisións Labregas, en todas as aldeas". Ao final Rafael Iglesias, secretario do sindicato na zona de Pontevedra, falaría das repercusións da política agraria do Goberno sobre o sector, e rexeitando os intentos de embargo, declararía que as CC.LL. están dispostas á negociación do asunto da Seguridade Social. Pilar Allague, do BN-PG, salientaría o carácter colonial e agresivo da política do Goberno e o apoio arreo ás CC.LL.

O MORRAZO, UN ANO DESPOIS (2)

Seguimos hoxe coa conversa dos alcaldes do Morrazo CANGAS ten unha corporación con concelleiros do P.C. do B.N.-P.G., da U.G., do P.S.O.E. e da U.C.D. Unha presenza abundosa dos homes que representan as siglas dunha esquerda que é maoria. Velaí o que nos dixon, despois dun ano o seu alcalde.

XOSE CHAPELA  
alcalde de Cangas



Se tiverades que facer boxe un balance, ¿ulo o positivo e ulo o negativo da vosa xestión?

O positivo estaría no adegantamento do pobo ao concello e tamén nunha serie de licencias de obras que se concederon, nunha serie de camiños que se aprobaron, nunha serie de beneficios pola sanidade e inclusive nunha serie de arbitrariedades, sempre en beneficio dos máis desamparados e que non coído sexa aquí o lugar máis axeitado para matizalas. O negativo poidera ser a confusión que ten a xente para resolver as cuestións dun xeito amistoso e acusándonos de blandura e falla de autoridade, craro, o costume do tono dictatorial con que antes facíanse as cousas. A falla de tempo para adicarnos tamén poidera ser outro aspecto negativo; e a nosa inexperiencia, empezando por mín.

¿Quen pón os atrancos, as dúbidas, o desinterés...?

Nun principio está craro é o grupo da U.C.D. quen pon os atrancos por unha serie de razóns que sería longo de dicir aquí. Pero, derradeiramente tamén veño apreciando que dentro da suposta unidade de esquerda municipal, hai como certo interés en que a coordinación falle e que estánsenos poñendo trabas o noso labor, concretamente ao alcalde e ao noso grupo.

¿Que axudas recibides da Administración pra tentar que os problemas de Cangas fiquen resoltos? Practicamente nula. E se se teñen feito algunhas cousas, derivan do lóxico funcionamento da administración, que ten uns presupostos concretos e que reparte esas migallas pola distintas nacionalidade. Eu vou cáseque todas as semanas a Madrid e os lúns, ando por moitos Ministerios e non se me fai nin caso, ceais sexa porque eu pertenezco a un grupo que non está no goberno.

¿Que participación teñen os veciños dentro do concello?

A participación dos veciños non é agora mesmo tanta como eu quería. Levamos un ano sen nomear os alcaldes de barrio, eu non os quero nombrar e sigo a-

rdando. Coido que canalizando a figura destes alcaldes é como se consegue unha mellor participación dos veciños nas permanentes, nos plenos, en toda a xestión municipal.

¿Cómo se fai a elección dos alcaldes de barrios e cal é a súa importancia?

Boeno, pois a esta pregunta coido que xa respotei coa anterior, aínda así podería agrandar a resposta de antes dicindo que débense potenciar as comunidades, non só de veciños, para que se acheguen a nós e tentar dar solucións non só en plan individual.

¿Na rede de servizos sociais, ¿caís son prioritarios en Cangas?

Estáenos acusados, en concreto ao grupo do P.C. que non temos un programa, un programa que por suposto estarían os servizos sociais. Servizos no que estarían incluídos a beneficencia social, as vivendas sociais, a mención social, etc. Agora mesmo a nivel municipal, temos unha beneficencia onde metemos máis xente, pesía aos atrancos, da que cabería agardar. Hai un problema grande, cal é o da vivenda social. Eu estiven en Pontevedra tratando de negociar as posibilidades de dar solución a isto e dixéronme que neste intre, salvo asignacións directas do propio Ministerio ao traveso dos canles normais, non se conseguin ningunha. Tamén sabemos que hai xente en Cangas que son titulares de vivenda social e teñen outras vivendas, entón dirixiu unha moción no axuntamento para descubrir os auténticos titulares das vivendas e déuseme a resposta nun oficio dicindo que eso era moi difícil de sabelo debido a falla de personal no propios ministerios. Problema prioritario é o tamén o da sanidade, como despois contarei. En educación vaise crear un centro de Educación Especial e posiblemente outro grupo escolar en Cimadevila. En deportes hai unha interrelación co Alondras pra ver de aproveitar as instalacións.

¿Que nos dis sobor da especulación do chan?

Esta é unha pregunta que me encanta. E unha pregunta sobre xa que hai unha especulación dentro da lei e unha especulación fora da lei; a máis triste é a especulación dentro da lei; eu teño craro que a lei do chan e as normas subsidiarias consecuentemente foron feitas pra erguer grandes edificios, e lóxicamente a plus valía do constructor fora tremenda; e para que esta plus valía sexa grande, a carga social



tamén ten que selo. Enton, polo que a mín respecta, e ao meu grupo, ao enfrentarnos co problema dixemos: se hai unha lei que obriga a que a xente economicamente débil teña que construír unha casa dunhas marcadas dimensión a solución para nos pode ser dobre, ou ben non facer a casa ou ben mercar un piso con tres millóns e hipotecarse para toda a vida. Sei que hoxe aquí estanse concedendo licencias que son ilegais, pro non me preocupa, xa que sei tamem que son para casos, onde se alguén precisa 400m. e ten 350, dámoslle a licencia e ficamos tan tranquilos.

Agora ben, eu coido que o gran especulador en Cangas é aquel señor que poidera facer tres ou catro ou cinco alturas; pero anque a necesidade de vivendas aquí sexa grande, non podemos converter Cangas nun habitat imposible para a convivencia, onde a densidade de poboación xa é de por si moi grande. A maneira de ir contra isto sería que o axuntamento poidera mercar chan, pero con subvencións do propio estado, fano así outros axuntamentos europeos onde os presupostos son un catro centos por cen superiores aos nosos.

¿O problema pesqueiro, ¿en que medida os afecta e como tentades darlle saída?

A nosa actuación aquí é de presión, dentro da crise que está en Cangas dende fai doce anos, onde entidades como Pescanova e a Casa Mar botaron abaixo a pesca de baixura ¿por qué?, porque era máis cómodo conceder licencias aos grandes conxeladores e funcir aos pescadores de baixura. Non é que eu estea en contra da pesca de altura, que me parece unha solución; no noso axuntamento compre potenciar moito máis a pesca de baixura pero a nivel de presión e nunca a nivel de actuación.

A sanidade dentro do concello...

Cando nós chegamos atopámonos tan só cunha casa para a sanidade, a Casa do Mar, que é insuficiente. Poderíase facer máis levian o problema facendo a Casa do Mar en Aldán ou no Hío, onde estanse poñendo trabas dabondo. Está craro que a península do Morrazo ten unha configuración propia e se a nivel de custos podemos evitar isto cun grande Hospital do Morrazo, estaríamos facendo a un tempo un favor a outros centros hospitalarios da provincia, onde teñen que acoller a nosa xente e a custos altísimos. De inmediato van vir para Cangas tres novos médicos, tres novas enfermeiras, tres novos choferes de ambulancias, tres celadores. E non sei polo que, se xa temos aprobado os terreos para a construción da Casa do Mar, en Vilariño, non se empezan as obras. E despois a nivel de presións xuntamente con Moaña, facer a loita cara o grande Hospital do Morrazo.

A Mancomunidade do Morrazo, ¿qué tedes feito vós para conseguir axiña os seus beneficios?

Se, como dixen, a península do Morrazo ten unha configuración propia, a Mancomunidade, invariabelmente, debemos ir á ela. Eu sempre tentei de prantexala como unha solución, atopeime coas trabas de goberno ¿por qué? se é certo, como din, que deber tentarse atopar solucións aos problemas.

Se as eleccións foran hoxe, ¿cambearía o seu resultado do de hai un ano?

Se che respoto a nivel persoal, eu, agora mesmo, non me presentaría; non vou dicir as razóns; aínda que pasados os anos vou presentarme igoal. E se queres que xogue a ser adiviño, direiche que, hoxe, o partido comunista, sacaría máis votos.

PINTOR



## O "VIKING" VEU FUNDIRSE A GALICIA: QUEN E O RESPONSABEL?

O mercante de bandeira grega "Viking", que ven de fundirse na ría de Ares na tarde do mércores día 2 de abril vertendo boa parte das 180 toneladas de combustible fuel-oil que almacenada para alimentación dos seus motores, ao tempo que a súa carga de 4.962 toneladas de Cloruro potásico se disolvía nas augas da ría, van a demostrar unha vez máis a falta de medidas de control e seguridade dos transportes marítimos con cargas perigosas ou contaminantes, así como a ausencia total de medidas preventivas e técnicas de loita anticontaminación apropiadas nos casos de accidentes como o que nos ocupa.

Son numerosas e importantes as irregularidades que sempre se producen neste tipo de siniestros, tanto por parte do capitán e autoridades a bordo dos barcos, como polas mesmas autoridades de Mariña, máximas responsábeis de vixilancia, "control" e supervisión no litoral e nas Rías. No fundimento do "Viking" sinalamos os seguintes aspectos:

1.- Ainda que o buque mercante presenta problemas a 300 millas do Ferrol, na súa ruta de Alemaña a Colombia, parece que as primeiras chamadas as emisoras costeiras do litoral galego foron cando o barco estaba soio a seis millas ao Norte do Cabo Prior, nese momento anunciaban a presenza dunha vía de auga que se producira facia mais de dazasete horas e que inundaba parte da bodega de proa, as súas intencións eran dirixirse a Astano para ser sometido a reparación.

2.- Tendo en conta que no Estado Español existe desde o ano 1.978 a declaración formal das 200 millas xurisdiccionais, atopamos conque o "Viking", e demais mercantes, petroleiros, etc, poden navegar deica a mesma costa, sen que as Autoridades de Mariña teñan coñecemento desto, amáis de descoñecer a carga que transportan.

3.- Resulta sospeitoso que o barco o comunicase por rádio non transmitindo o tipo de carga que transporta con maior razón cando pretendía entrar a Ría de Ferrol para a súa reparación, son inxustificábeis as dúbidas que aparecen sobre a natureza da carga (cloruro potásico?, potasa?) despois de fundirse, e non deixa de ser sospeitosa que o capitán do mercante "non pudiera" salvar o "manifesto de carga", onde se especificaba a clase e formula do seu transporte, cando salvou outros papeis.

4.- Sen recoñecemento previo do barco siniestrado, e con autorización das autoridades de Mariña o "Viking" fondeou a entrada da Ría de Ares, a espera de que transcurriera o resto da semana para entrar despois a Astano, a gria do casco aumentou e o barco foise a pique, o combustible e a carga que levaba inician a contaminación da Ría, cando estes se puderon retirar do barco antes de fundirse.

5.- Poucas horas despois comenzan a utilizarse deterxentes e dispersantes para romper e disgregar a manchas de fuel-oil que nunha cantidade de 90 toneladas (segundo a prensa diaria) foi a que se derramou dos tanques do "Viking", algunhas manchas chegaron a costa, outras por efeco das

toneladas de substancias químicas mencionadas desapareceron da superficie. Sen embargo esta práctica rutinaria xa, cando se produce un vertido de hidrocarburos (petroleo, gas-oil, fuel-oil...) nas augas mariñas pode traer efectos altamente perxudiciais para a vida das rías e do litoral. Os deterxentes ademais de producir sabor desagradábel nos peixes, impide un intercambio gaseoso normal entre a auga e o ar, a vez que imposibilita aos microorganismos marinos para a súa actuación e posterior degradación do fuel xa que o deterxente forman unha fina película aislante o redor dos microorganismos.

Os dispersantes o multiplicar o número de pequenas partículas ou gotas de fuel, aumentan a posibilidade de contacto delas coas especies marinas, ao tempo que favorece a súa inxestión.

O vertido de toneladas de produtos como os deterxentes e dispersantes en zonas moi localizadas e pouco batidas polo mar, poden sobrepasar facilmente os porcentaxes sinalados como tóxicos para os seres vivos, e de feito as algas, bacterias, moluscos ou peixes presentan mortandade en concentracións de 3 miligramos de deterxente por litro de auga. Os efectos combinados do fuel e dos produtos químicos son pra vida dos seres mariños moito máis perxudiciais que o efecto que podía presentar o fuel-oil so, que xa son de por si bastantes graves: mortandade de ovos, larvas e fases xuvenis de animais mariños; toxicidade e mortandade variábel segundo as diferentes especies tanto de peixes como de crustáceos (gambas, bogavantes...etc); alteración penetración da luz na auga con efecto negativos na fotosíntese e no plancton mariño (primeiro eslabón da cadea alimenticia do mar); interferencia no intercambio de gases entre a atmosfera e auga; producen mal sabor e imposibilitan o consumo e explotación comercial de moluscos e peixes que comeron partículas de fuel en suspensión...etc.

Con relación o cloruro potásico, hai que dicir que o disolvente na auga, vai orixinar unha maior salinidade dela, si ben é certo que esta sal esta presente en condicións normais no mar, o disolverse unha cantidade tan importante como cerca de 5 millóns de kilos no interior dunha ría, pode significar cambios importantes na flora e fauna dese lugar, pois non podemos esquecer que cambios na salinidade levan consigo cambios na densidade, que tamen aumenta e cambios na temperatura, que diminúe, e como hai organismo que só toleran límites moi estreitos de salinidade e temperatura ben como adultos ou ben nas súas fases larvárias ou xuvenis, isto pode perxudicar a vida na ría.

6.- Para rematar unicamente resaltar que a prensa diaria incluso antes de confirmarse o tipo de carga que levaba o barco, poñía na súa portada e en grandes titulares "parece que a carga do "Viking" no contamina", a vez que decía "fuentes oficiais aseguran que a consecuencia del fundimento del mercante está bajo control". Como sempre nestes siniestros figuran dúas ideas claves nos titulares dos medios de comunicación por un lado descartar a posibili-

dade de contaminación sobre todo nunha Ría que xa viu os efectos mortais da fauna e flora producidos por outros barcos ("Erquowit" no ano 1.970 co seu vertido de pesticidas, e o vertido de petróleo feito polo "Urquiola" uns anos despois), e ocultar deica o ultimo momento os perigos que se podían producir. Por outro lado esta o interés de que se vexa que as autoridades de Mariña están traballando a fondo e ben e por suposto teñen todo "baixo control".

Non quedan despois de todo isto necesidade de aclarar que as catástrofes nos transportes marítimos contribuen de forma importante o esnaqueizamento das nosas riquezas naturais, e o Goberno español máximo responsábel da falta de medidas preventivas, e das medidas de control e técnicas de loita contra os vertidos contaminantes no mar, segue impasíbel ante os numerosos accidentes que se producen e a consiguiente contaminación que conlevan. Medidas urxentes que se deberían pór en práctica pra que non se repitan estes siniestros, ou de darse produzan menos contaminación serían:

-Control e vixilancia con supervisión aerea sistemática da zona da tráfego marítimo principalmente sobre aqueles barcos que transporten produtos contaminantes ou perigosos.

-Esixir que se cumplan as regras de seguridade para a navegación.

-Sancionar a aqueles barcos que infrinxen as normas e lexislación sobre o vertido de produtos.

-Impedir a entrada a barcos que aínda que estén siniestrados levan produtos contaminantes, necesitarían transbordar a súa carga a outro buque antes de que penetre nas zonas de pesca ou ben nas Rías do litoral.

-Pór en funcionamento todo tipo de medidas preventivas e loita anti-contaminación pra ante unha eventualidade combater rapidamente calisquer siniestro cos medios adecuados (barreiras protectoras, bombas succionadoras, existencia de remolcadores de altura...etc.).

-Deixar de utilizar axentes dispersantes e deterxentes nas zonas de cria ou de bancos de peixe polos efectos contaminantes que conlevan.

-Implantación real dun prodemento de reparación de danos, con responsábeis e indemnizacións.

De non porse na práctica estas medidas de protección dos caldeiros de pesca e zonas de marisco, o noso litoral ten un final moi próximo, a única garantía que temos os galegos de que o futuro das riquezas do noso mar non se perda estará en alcanzar a soberanía nacional galega, para que os recursos mariños se xestionen, controlen, potencien e protexan en función dos intereses do pobo galego, o Goberno español alleo a tais intereses mentras tanto seguira sen adoptar ningunha medida encamiñada a protexer o litoral galego, sendo como é o responsábel das desfeitas que se estan producindo.

RAMON VARELA DIAZ

don agosto


X AQUIN MARIN

**A TERRA PRA  
QUEN A TRABALLA**



**¡PARECELLES POUCO  
TRABALLO MANTERSE  
DOMO DA TERRA!**





"Os fios teñen que ser enganchados polos veciños..."

Fotos: ALBAN

# "Electra del Jallas" ENERXIA PA OS POBO AS

oroeste de  
xa que  
ente vese  
O principal culpa  
Sociedad Es  
empres  
E re certo, os veciños  
Por atrás, os m  
Foi a primeiros  
nosa n  
Por aquel entón, e por  
pagar. Namentra

Os postos do tendido eléctric  
co topanse a beira da carreteira  
a pouca altura do chan. Cando se  
produce algunha avería teñen  
que ser os mesmos veciños quen  
a arranxen. Doutra banda, o Plan  
de Electrificación Rural conce  
deu unha subvención de setec  
tos millóns de pesetas, e unha lí  
ña de 60.000 mil voltios, para  
toda a zona noroeste. Porén, os  
beneficiarios non ian ser os pobos  
da comarca senón unha empresa  
de ferroaleacións, "Sociedad Es  
pañola de Carburos Metálicos".  
"Carburos Metálicos" fo  
dona, astra o ano 78, do 99,7  
por cento da totalidade das ac  
cións de "Electra del Jallas". Nes  
te ano traspasou a totalidade das  
accións a Fenosa. Malia todo isto  
"Electra del Jallas" seguía a con  
servar o seu nome.....



"Do plan de Electrificación Rural  
único beneficiario foi "Carburos Me  
tálicos" (Sr. Baluja).

## OS ALCALDES CO 'JALLAS'

Ao traveso das alcaldías  
veciños tentaron de millorar  
deficiente suministro de fluíd  
eléctrico. Non obstante, os alca  
des non tomaron en conta es  
reivindicacións porque, segun  
nos contou o sr. Baluja, "as  
nuncias que houbo foron par  
culares, xa que as alcaldías est  
ban compradas por "Electra  
'Jallas" e deste xeito os alca  
non daban conta ao Goberna  
Civil dos problemas da zona".

del Jallas"

# PARA OS MONOPOLIOS BOAS ESCURAS

Noroeste de Galicia está completamente arruinada, económicamente desfeita e presente vese na obriga de emigrar porque non ten medios nen onde poder traballar. *Sociedad Española de Carburos Metálicos*, xa que consume a enerxía de "Electra del Jallas", empresa suministradora do fluido eléctrico a toda a zona. *Seiscentos municipios con dabondos atrancos de cara a artellar un millor funcionamento de enerxía. Os veciños non conseguían conseguir a asulagamento de toda unha comarca que está a sufrir aínda hoxe en día a política que favorecen certos intereses.* *Polos anos 18, cando se escomezou a posta en marcha da electrificación do noroeste a empresa encargada foi "Electra del Jallas", curiosamente unha empresa catalana. O tendido eléctrico fixéronse dabondas expropiacións de terreos, algunhos dos cales aínda están sen ser topábase con serias dificultades e mesmo tiñan que permanecer sen luz durante longos períodos de tempo, sobre todo no inverno.....*

Diante desta situación mes-  
reiteira a sr. Baluja presentou unha  
Cando se a Denunciación na Delegación de Indus-  
a Coruña esixindo que se  
plira o artigo primeiro da re-  
lución do 25 de xaneiro de  
1966. "A Delegación deume por  
recibida a denuncia contes-  
tome co silencio administra-  
ivo". Deste xeito, o Plan de  
electrificación Rural ficou com-  
pletamente esquecido. Os millóns  
de pesetas que se concederon, segundo o  
plan, eran para beneficio dos  
consumidores, nembargantes as  
calidades non recibiron nada a  
cambio, pero "todo foi consumi-  
do por Carburos Metálicos".  
Outra banda, esta empresa non  
moito tempo certificaba que  
obreiros mortos silicoticamen-  
te non eran tal, pero que se mo-  
raban de enfermidades do pul-  
món, "de cara a evitar viudedeces  
orfanidades....."

Doutra banda, os monopó-  
lios non conseguían o apoio de cer-  
tas industrias de cara ao seu fun-  
cionamiento. "O Jallas compra á  
ente porque ten necesidade de  
ter os e mesmo dase o caso de  
Caolins de Laxe, na medida  
que tiñan "Electra del Jallas",  
habían en contra miña -sigue a  
ntar o sr. Baluja- porque eles  
ían un servizo de grupo elec-  
trógeno propio e cando fallaba,  
"Electra del Jallas" atendía este  
grupo eléctrico". E xa que logo,  
a empresa recurriu a Dirección  
xeral de Seguridade contando  
co apoio de Caolins de Laxe, por-  
que o recibo de cobro que se lle  
pasaba non existía, era algo ficti-  
vo, na medida en que nunca Cao-  
lins pagou nengun carto polo su-  
ministro da enerxía. Tamén un  
alcalde de Cabana, dono dun ase-  
nadoiro que consumía unhas  
10.000 pesetas de luz eléctrica  
non pagaba o recibo porque a luz  
lle concedía dun xeito gratuí-

quez Guillén. De cara as eleccións  
municipais, basou a súa campaña  
en contra de "Electra del Jallas".  
Pouco tempo despois, as cousas  
íanse trocar. Quizais certos ven-  
cellos familiares fan pensar nesta  
actitude que polo de agora favo-  
rece os intereses da empresa.  
"Vázquez Guillen saíu elixido  
Diputado pola grande cantidade  
de votos acadados gracias á cam-  
paña do "Jallas", pero ésta segue  
nas mesmas". "Este señor, cando  
se publicou a sentenza do Tribu-  
nal Supremo, dixo que o proble-  
ma estaba resolto e que se facía  
cargo Fenosa. Esto foi unha men-  
tira porque hoxe os recibos están-  
se pagando a "Electra del Jallas"  
sen cumprir o edito que publicou  
a Delegación de Industria de 17  
de xaneiro de 1976, tendo en  
conta que se un veciño calquera  
necesitaba alumado público para  
unha pequena industria ou ben  
se quería enganchar a luz eléc-  
trica o "Jallas" esixíalle que pri-  
meiro fixera a instalación dos ca-  
bles eléctricos e postos. En defi-  
nitiva quen tiña que pagar todo  
era o abonado ou o inmediato  
beneficiario de "Electra del Ja-  
llas". Vázquez Guillen tamén  
afirmou que mercara Fenosa e  
que pagara, cando que todo foi  
pagado polos veciños....."

## "CARBUROS METÁLICOS", UNICO BENEFICIARIO

Así as cousas, presentouse  
unha denuncia ante a Delegación  
de Industria polos atropellos que  
de continuo estaba a cometer a  
empresa suministradora de ener-



"As veces temos que ceir con velas."  
" (Xan Agustín García).

xía. O "Jallas" recurriu contra a  
resolución do 25 de xaneiro de  
1966, pola cal se lle esixía a re-  
ducción do 50 por cento durante  
o período de tempo que estivera  
o suministro de luz en malas con-  
dições e namentras non prestara  
o seu normal rendimento. Os ve-  
ciños chegaron a non poder usar  
nengun tipo de electrodomésticos  
porque abonados que terían que  
recibir 220 voltios nalgunhas  
zonas nien siquera recibían a mi-  
tade e noutras aínda non chega a  
200 voltios.


A pesares de que a Delega-  
ción de Industria ditou sentenza  
a favor dos veciños, "Electra del  
Jallas" non somentes ía continuar  
sen arranxar o tendido senón  
que tamén ían conseguir a desti-  
tución do inxeniero que puxera  
en entredito a eficacia do sumi-  
nistro eléctrico.

Por outra banda, o Goberna-  
dor Civil e o seu secretario farián  
uso no seu momento da Guardia  
Civil para oporse as reivindicacións  
dos veciños, reivindicacións  
feitas en base a que aínda non se  
lle pagaran os terreos por onde  
pasaba o tendido eléctrico. "Dá-  
se a circunstancia de que os ter-  
reos que ocupou a liña que vai  
desde o Tambre astra Brens ain-  
da están sen pagar. Cando se pu-  
xo en marcha o plan de Electrifi-  
cación Rural o único beneficiá-  
rio foi "Carburos Metálicos" e  
posibelmente dai se derine a po-  
sibilidade douro suministro eléc-  
trico a nova fábrica que Carburos  
Metálicos ten en Dumbria".

"Uns compañeiros meus -di-  
a falar o sr. Baluja- foron ver ao  
director de "Electra del Jallas"  
para plantexarlle que este proble-  
ma non podía seguir así. O direc-  
tor ou un empregado, non me  
lembro ben, dixo que de servizo  
público nada, que o primeiro  
que había que facer era atender a  
Carburos Metálicos. Entón, os  
meus compañeiros coidaron que  
o que sí era preciso facer era de-  
nuncialos". Deste xeito, o sr. Ba-  
luja presentou un expediente no  
Tribunal Supremo. A sentenza  
publicouse no Boletín Oficial do  
Estado o 2 de nadal de 1966, pe-  
ro saíu en xaneiro do 73. Desde  
esa data e vendo que "Electra  
del Jallas" non cumpría a sentén-  
cia, as Asociacións de Veciños e  
mais o crego da zona aconsella-  
ron a todos os veciños que non  
pagaran os recibos da luz.



"Carburos Metálicos consume toda a enerxía de Electra del Jallas".



"Setecentos millóns de pesetas e unha liña de sesenta mil voltios para  
"Carburos Metálicos".

## OS VECIÑOS NON PAGAN OS RECIBOS

Xan Agustín García Pousa,  
albañil, e polo de agora presiden-  
te da Coordinadora de Asocia-  
cións de Veciños de cara a en-  
frentar, entre outros, o problema  
que para os veciños supoñía a  
mala instalación do tendido eléc-  
trico. "Pódese dicir que hai tres  
anos que os veciños, case na súa  
maioría, non pagan os recibos da  
luz, somentes a pagan os que son  
uns chupatintas do Jallas". A  
Coordinadora de Veciños abran-  
xe a mais de 3.000 veciño e está  
a levar a cabo, xunto coa AN-PG,  
única forza política que asumiu  
o problema, a loita en contra da  
empresa.

Cando a Asociación de Veci-  
ños de Ponte do Porto enviou un  
escrito ao alcalde de Vimianzo,  
este respostoulles que "El Jallas  
es insolvente", para a continua-  
ción engadir que "respetenme  
que soy un hombre de Parlamen-  
to....."

Ao mesmo tempo, a "Elec-  
tra del Jallas" ía seguir a facer  
das suas. No lugar de Rufiños  
quitaron un transformador de-  
ixando ao pobo sen luz. Ante es-  
te novo atranco, "os veciños  
mandamos un escrito ao agrega-  
do de Industria, ao Gobernador

Civil e mesmo a "Electra del Ja-  
llas", onde esixiamos que se ins-  
talara, no prazo mais axiña posi-  
bel, os aparatos para que os veci-  
ños poidan ter luz, ou que do  
contrario fariamos responsabeis  
as autoridades do que poidera  
ocurrir. Aguantamos o que sea  
pero astra un límite....."

Nengunha destas peticións  
recibiría resposta por parte dal-  
gunha das entidades. E xa que  
logo, os veciños seguen a manter  
as suas reivindicacións, e seguen  
a arranxar os erros do tendido  
eléctrico que de continuo deixan  
a moitas poboacións sen luz.

Pola contra, "Carburos Metá-  
licos" segue a producir. Os veci-  
ños seguen con problemas de ve-  
llo que polo de agora non topan  
fácil solución e toda unha zona  
está a padecer a política que le-  
van adiante uns monopolios que  
van en contra dos intereses e das  
necesidades de todo un pobo, que  
non por iso deixa de loitar en  
contra desa situación.

"María Victoria Fernández  
España dixo nunha ocasión que  
había que industrializar a zona  
de Fisterra, pero nós estámolos  
a preguntar como o imos facer se  
temos que ceir con velas....."

XOSEFINA L. CORRAL

# ALVARO CUNQUEIRO

E tempo de homenaxes, está visto. Foi preciso que a morte dera en segar nomes de aprecio na literatura e nas artes galegas pra que axiña agromaran os **in memoriam** da consabida oportunidade. Non imos repetir os nomes, que no respecto están máis alá dunhas datas e duns cantos escritos solidarios. Galicia garda centos de homenaxes anónimos na súa historia de vagar, pra que nós agora nos sumemos.

Despois dos mortos, ándase na percura dos vivos como se o tempo, que nos foi ruín trouxera o medo e os agoiros tristes, cando xa nen dobran as campás nen **punteiros de gaita acompañábano**. Fican aínda algúns nomes de respecto e da sonda no ramallo dos galegos ilustres. Son homes que gardan cando menos o encanto dos vellos sabedoes e a palabra lúcida. Non tentan xa outra cousa que deixar de ser na Terra nutricia. E de agradecerlles porén a súa vida e a súa obra. Nor máis; pro tampouco nada menos.

Alvaro Cunqueiro vai ser o primeiro escritor galego que na década dos oitenta reciba en vivo o agradecemento pola súa continuidade literaria, polo seu traballo. Unha homenaxe cecáis oficialista ondo non han fallar os fósiles do galeguismo e moitos trepadores das circunstancias. Sentímolo polo grande escrito de Mondoñedo e sabemos que este feito repetido traerá á súa memoria sabe senón **outros feirantes** de hoxe.

A Cunqueiro compre rendirlle unha homenaxe máiscula, moito alá dos **honoris causa**, onde as pitas non eran para el asegún se díxo; e tamén moito alá dos favores da crítica (?), dos pedrós con ouro e dunha rúa vilega ou cidadán. A Cunqueiro, coma a grande maioría dos escritores galegos compriríalles redimilos dos estantes e dos caixóns, levalos dabalado dos seus libros ao seu pobo, un pobo que nos compre xa alfabetizado na súa língoa e coa afición a ler de seu e facer crítica. Alí é onde compre levar a Cunqueiro, presente ou ausente, e coñecelo para despois disfrutalo.

Personaxe familiar e simpático, a súa figura física lembrarémola a carón dunha grande táboa pousando os ollos no xantar i erguendo a cunca do seu nome e bendecendo. A sonda de bon comedor e sabido cocineiro non ha lizar a imaxe do home senón nese espazo onde na resistencia **daqueles anos** don Alvaro tecía as arañeiras do ir vivindo.

Os limpos de corazón terán que disculparlle moitas cousas a este personaxe erudito e de maxín fantástico, que o mesmo xantar na casa do probe que cae na trampa das soberbias larpeiradas; que tanto fai publicidade coma teima acocharnos no seu íntimo os seus millores escritos. E teñen que disculpalo xa que Cunqueiro non quixo ser o que outros



Maside, Otero Pedraio e Cunqueiro, en Santiago, no 1943 (do libro do C.O.A.G. "MASIDE, un pintor para unha terra")

persoeiros, e abofé ben que podía: padriño ou comisario da cultura de Galicia; cárregos eles que dan tamén para larpeiradas e confitas; e sempre coa fachenda dos **mass media** favorábelos.

A derradeira vez que o vin para escoitar a súa palabra foi nun alto día do mes de agosto do ano setenta e cinco. Era no **salón roxo** do axuntamento da Coruña, con invitados de escolma e traxes rechamantes. Abriáanse as festas do vrán co seu pregón e faciáse a entrega do premio **da cantiga**. Falou das mozas, longo e acertadamente, e tivo os aprausos das dúas tres centas persoas oficiais; pouco máis. Sería moito mellor que o seu discurso fora dito desde o balcón cara a praza de María Pita, onde a xente de a pé agardaba as honras foguetiras dos festexos. No remate pedíume o poema para publicalo no Faro de Vigo. Eu non puiden recuperar para todos o seu pregón, solene e lírico; e xa inútil. Eran e aínda son así os oficialismos.

Nas xornadas adicadas á poesía galega, onde deberíamos coincidir tamén na mesma data, a escritora María Xosé Queizán, que leu os seus poemas, atrevéuse a definilo en Santiago coma o millor poeta de Galicia e un dos grades do estado español. Cecáis esta apreciación só poída facerla quen coñece a obra total de Cunqueiro, inclusive a inédita. No que sí cadramos todo é no seu encanto que ben de lonxe ao traveso dos seus libros, ese encanto que fáinos ler e disfrutar coa súa prosa e cos seus versos, unha **autenticidade** que non se conquire só de oficio senón tamén de pensamento. E abonda para calquera escritor chegar a ser auténtico.

O día vintésés de abril non estaremos nós derrador do home na presenza física. Tampouco estarán os moitos lectores da súa obra. Vai ser unha ausencia ben cativa para quen montou a festa. Non importa.

VAZQUEZ PINTOR

## A Seguridade Social Agraria, a súa cuota empresarial, a sempiterna marxinação a outros calvarios

**Moitos galegos, incluídos algúns dos que pagan ese trabuco alcabalesco da cuota empresarial, ignoran o que é.**

— **¿Tan difícil de comprender resulta?**

— **Non e que sea difícil, é que a razón négase a aceptar ese absurdo enxendro que debeu ser inventado por algun técnico burocrático da tristemente fermosa Seguridade Social vixente, con señardade e descoñecemento do noso agro e da nosa idiosincrasia.**

Pagamos Seguridade Social Agraria os personaxes máis raros e impensados. Desde o labrego que ten un par de vacas e traballan el e a súa muller, astra os que non temos nada que ver co agro, nen temos fincas de laboreo, nen xornaleiros nen parceiros nen os tivemos nunca, nen pensamos telos.

A veces a nosa tenza rural ten unha extensión dunha décima parte de hectárea a monte, a barbeito, como estivo sempre. Pero por arte de birlibirloque (sen previa inspección nen comprobación algunha) pagamos e non pagamos pouco a "Cuota Empresarial" das "Xornadas teóricas".

— Habería que suprimir (como díxo, en certa ocasión, o inspector do IRYDA) esa Cuota por conflitiva e disparatada.

— Debe suprimirse máis que por conflitiva, por absurda, posto que o segundo e peor que o primeiro. A estes extremos non debe chegar nunca a nosa Administración, por elementais principios de ética e de sentido común.

Astra que inventaron este atropelo trabucario, se un cidadán pretendía instalar un negocio ou unha industria, o primeiro que facía, no campo laboral, era declarar o número de traballadores, mediante un formulario dirixido a Seguridade Social. Nesta virtude, producíanse unhas altas, e, se eran moitos pagabase moito e se eran poucos pagábase pouco. Se non había industria ou non había traballadores non

se pagaba nada. O feito de ter un local, non significaba inclusión no censo trabucario. Este razonamento é tan óbvio que parece formulado por Perogrullo. Pero o razonamento non é o forte da Seguridade Social Agraria, o forte e recaudar diñeiro a ultranza. Aquí hai que pagar por non ter nada de que se formula o propio motivo do pago. Iso chámase imaxinación e tamén pode chamarse "Xornadas teóricas", ou se se quere crucigramalo copiar do recibo oficial: C.E. por J.T. e C.S. por J.T. Vostedes comprenderán, queridos lectores, que, por estes camiños -de pura raigama picaresca- había forzosamente que chegar a conflitividade que hoxe padecemos en Galicia. Son situacións provocadas pola propia Administración, nas súas elucubracións recaudatorias moiertas ao terrorismo institucional.

Completa o cadro do conflito, a ineludible marxinação. Os malos tratos -neste caso económicos- a que esta sometida a nosa nación. Vexah vostedes: as "xornadas teóricas" en Galicia son: (dados obtidos do xa mentado inspector rexional) para prado e regadio 100 por hectárea e para sequeiro andan entre 85 e 60. En Castilla a proporción cambia. Así a terra labradia de regadio corresponde somentes 42,27 por xornada teórica e hectárea en sequeiro establece unha única clase de 5,96 xornada. As diferencias, como pode percibirse, son escandalosas a pesar da distinta capacidade de produción. Como consecuencia, por unha hectárea de regadios, o campesiño galego -ou o que non é campesiño- paga 3.100 pesetas por unidade agraria, e, o castellano 1.310. Asimesmo por unha hectárea de sequío paga o castellano 184,76 pts. e o galego 1.860 e 2.633. I terase visto cousa igual!. ¿Que representantes temos nas Cortes e aínda fora delas, que non protestan por tais desaforos? ¿Que fan os partidos maioritarios de esquerda por tais inxusticias? ¿Onde quedaron as promesas preelectorais que formularon algúns deles en defensa dos intereses dos campesiños? Se ex-

ceptuamos aos partidos nacionalistas -á cabeza dos que se encontra o Bloque- ningún defende os intereses da nosa poboación rural, do noso agro tan necesitado de protección.

Xa en crónicas anteriores, teño dito que as "cumes" están divorciadas das "bases", e este divorcio acentúase cada vez máis. As militancias non ven con bos ollos que, mentras elas teñen sen resolver os seus cotidiáns e vitais problemas, o "vértice" anda de compadreo co poder establecido.

Este distanciamento é tan evidente que calquer observador pode velo. Xa Sartre o pon de manifesto: "Os partidos da esquerda clásica xa non teñen bases auténticas", decía. Mentras as cumes pactan e ceder, as bases maniféstanse en contra deses acordos que firmaban os seus líderes. Estas sinten na súa propia carne as consecuencias da Seguridade Social que non lle satisfai, dunhas autopistas irracionais e aniquiladoras, dunha degradación sistemática e crecente do medio ecolóxico, dunhas instalacións de celulosas salvaxes que destrúen e destruírán (pese as mentiras da tecnoloxía empresarial) os nosos ríos, o noso médio mariñeiro e as súas inmensas riquezas roubadas á clase pescadora principalmente e ás súas familias e por proxección a todos os galegos.

Mentras estas e outras cousas suceden, o Parlamento identifícase co lugar do Estado onde menos se parlamenta e esta sea a causa do deterioro do orde público e astra do terrorismo, posto que, o pobo pretende resolver na rua o que os representantes lle negan na Cámara por falta de debates e exceso de comodidade e cuquería, e así non avanzamos nada: nen en xusticia, nen en orde, nen en liberdade, nen, por suposto, en democracia. E, a nosa pobre Galicia soportando os embites e agresions duns e doutros.

XOSE R. MARTINEZ SANCHEZ

EUSKADI

Folga xeral pola morte de "Zapa"  
UNHA VIRALVOLTA  
DE 180 DEGRAUS

ANTON OLEA

Sete días de especial tensión veñen de cerrarse cunha convocatória, firmada por Herri Batasuna, Euskadiko Esquerra e as xestoras pro-amnistia, pola que se fai un chamamento a folga xeral na provincia de Gipuzkoa. A pesares de que á hora de escribir esta crónica aínda non se coñece a repercusión da tal convocatória de Gipuzkoa quizais como os máis tensos, os máis violentos. A tensión centrouse nun pobo, perto de San Sebastian, Hernani, onde no mencer do pasado domingo tres tiros na cabeza produxeronlle a morte a un popular veciño, membro dunha charanga e simpatizante de HB: Felipe Sagarna, "Zapa".  
Hernani, con máis de 10.000



Hernani, con máis de 10.000 habitantes, é un axuntamento con maioría de HB, aínda que nas últimas eleccións ao Parlamento o PNV avanzou dun xeito considerabel en detrimento da devandita coalición abertzale. A súa poboación, maiormente, está empregada nunha grande industria metalúrxica "Orbegozo" que xa levaba varias semanas de folga.

ABATIDO PORQUE SI

A esquerda extraparlamentaria e HB relacionaron o atentado contra Felipe Sagarna cunha suposta manobra para bloquear as últimas mobilizacións de folga. Xunto a esta interpretación hai outra, quizais máis lóxica, que apunta a que este simpatizante de HB foi abatido a tiros simplemente porque si, porque era unha persoa coñecida, porque o momento — as cinco do mencer, a volta dunha pranda era máis que propicio.

O certo é que a resposta da poboación de Hernani foi inusitada. A folga xeral do domingo continuouse o luns e o martes, os arbes das carreteras eran abatidos con motóserras e colocados sobre do pavimentos, cortábase a vía férrea Irun-Madrid, os manifestantes utilizaban foguetes contra a policía, lanzándose a carón do chan..... As barricadas tamén se multiplicaron por San Sebastian. E o martes, como xa se comentou,

unha convocatória de folga xeral para a totalidade do territorio de Gipuzkoa.

NEN PNV, NEN PSOE,  
NEN PCE O CONDENARON....

A todo isto, a resposta dos partidos parlamentarios consistiu en todo o contrario: non dar resposta, polo menos nos primeiros momentos de conflictividade. Nen o PNV nen o PSOE condenaron no seu momento a acción. Tampouco o fixo o PCE. Herri Batasuna, Euskadiko Esquerra e os partidos extraparlamentarios saltaron a palestra somentes o pasado domingo.

Estes acontecementos desbotaron diante da opinión pública o interese que podera ofrecer a formación do goberno basco por parte de PNV. A tensión traspasou a rua para entrar nas casas. Mentras, as detencións contra supostos militantes de ETA repítense. En Cegama, pequeno pobo ao sul de Gipuzkoa, con case 2.000 habitantes, unhas mil persoas manifestáronse pola detención de cinco mozos da localidade. Posteriormente serían devoltos as súas casas sen cargos. E outro tanto ven de ocorrer, noutra pobo de gipuzkano, Alegria, sen que os detidos nesta ocasión foran postos en liberdade.

AS TORTURAS SEGUEN

En resume, a actividade parla-

mentaria, o proceso de institucionalización de Euskadi ficou nestes días relegados a un segundo plano cando aínda non se botou a andar.

Ao mesmo tempo, as denuncias contra torturas subiron de tono. Hai poucos días unha revista vasca publicaba un manuscrito remitido por "Sadorra", o dirixente de ETA p-m, detido hai pouco na costa levantina, na que contaba as torturas sufridas, declaración que ía topar co no Congreso dos deputados por boca de Bandrés. E Xabier Onaindia, membro de HB, pola súa banda, declaraba recoñecer a tres dos seus torturadores durante a súa estancia na comisaría de policía de Bilbao.

Torturas e atentados. Mentras ETA p-m seguía na súa actividade, esta vez co ametrallamento de dous gardias civís no posto fronterizo de Irun, os policías reivindicaron o alzamento dun "cohet" contra o Goberno Civil de Nafarroa. "Cohete" que non estoupou debido a que o seu guro permanecía activado. A pesares das declaracións de ETA p-m no senso de que pretendían o maior número de vítimas, estas palabras entran en colisión coa última liña desta rama, disposta "a non cobrar vidas humanas" nos seus atentados, polo que fican como discutibéis diante da opinión dos expertos. Co xiro que veñen de tomar os acontecementos nos últimos días estas declaracións son, de todos os xeitos, palabras a ter en conta.

ESPAÑA  
O XOGO DA CRISE

X.L.GARCIA LABANDEIRA

No debate sobre política gubernamental que está previsto se celebre no pleno do Congreso para a segunda metade do mes de maio e dos anuncios de remodelacións do Goberno que comenzaron a escoitarse despois da volta das vacacións de Semana Santa, nos medios políticos de Madrid non deixaron de circular consabidos rumores referidos ás características e fondura da crise e aos nomes de ministros aos que afectaría. Estes rumores e especulacións fixéronse moito máis insistentes os primeiros días da presente semana, dado que se agarda que antes do vindeiro Consello de Ministros este enguedellamento entre os grandes caciques do aparello quede resolto.

ENTRE AS AUTONOMIAS E  
ABRIL MARTORELL

Os fracasos electorais do partido gubernamental, o mesmo no referendo andaluz que nas eleccións autonómicas catalanas e bascas, e asemade os descontentos dalguns grandes grupos económicos coa planificación que está a levar ao cabo baixo a batuta do vicepresidente Fernando Abril, serían as causas inmediatas de que os xefes dos distintos sectores que agrupan desde o ano 77 a UCD, se atrevesen a mostrarlle os dentes a Suarez, tentando, tanto os social-demócratas, ex-falangistas, liberais, cristiano-demócratas e independentes, facerse con sectores do poder dentro do partido e do Goberno, e tantos como as circunstancias lle permitiran. Para iso, todos eles parecen coincidir no desexo de arredar da vicepresidencia que ocupa ao home que está considerado como máis fiel de Suarez, Abril, co que o presidente quedaría moito máis controlado polo partido. Isto non semella moi probábel, habendo dous feitos que así o fan supor; un é que despois de pasar as vacacións a beira de Suárez, Abril declárase que a remodelación non afectaría ao equipo económico outro que ante a reunión da comisión permanente do Comité executivo da UCD, celebrado o día vinteun, Suarez non in-



formou para nada do desenrollo da tan cacarexada crise, nen abordou ningún tema relacionado coa remodelación ministerial, ao contrario, o estilo de solución desta está sendo moi semellante ao que nos ten afeitos e que tanto enrabexa a oposición: os contactos persoais segredos cos principais persoeiros do partido, que caciquean como poden unha carteira máis ou menos para eles e para os seus amiguetes. Así, estes días fixeron escapadas a Moncloa a maioría de ministros e ministrabeis e agora agardan, a que no traxuro desta semana, o Sr. Presidente teña a ben dicir a quen cribou nesta crise, e que todo indica que vai saír moi fortalecido o sector ligado ao Opus Dei, que xa ten demostrada a súa forza dentro da UCD nos derradeiros debates parlamentarios, sobre todo no proxecto de lei de Centros Docentes. As mesmas hipóteses apuntan tamén a posibilidade de que o novo Goberno conte con tres vicepresidencias, encabezadas polos homes de confianza de Suárez, Gutierrez Mellado, Abril Martorell e Perez Llorca, que constituiría a novidade máis importante ao encargarse da coordinación da política autonómica.

Con isto a posición do presidente non só non se debilitaría, senón que quedaría apuntalada de cara ao Congreso do partido gubernamental previsto para celebrarse no proximo outono, e que é unha das bazas que se está xogando na solución da crise.

Namentras a oposición parlamentaria española agarda, aínda que tanto o PSOE como o PCE teñen criticado as maneiras que o Goberno utiliza na solución deste atranco político, centran o seu interese na preparación do debate parlamentario sobre política, no que esperan compareza o presidente e que, como dixemos, celebrábase no mes de maio.

se lle vai viaxar  
faga turismo  
na "casa" 

A SUA CASA E SUA. E VOSTEDE VIVE COMO QUER E VAI ONDE QUER. AS CARAVANAS E COMPLEMENTOS CATUSA TEÑEN TODO O QUE FAI FALLA. ASTRA O PRECIO E BON.



CARAVANAS CATUSA

E COMO UN "LAR" PARA LEVAR NAS VACACIONS E FINS DE SEMANA.

Servicio Post-Venta garantizado

 **COMERCIAL LAMAS**

Perpetuo Socorro, 1 Telf. 217080 Lugo  
Navia Castrillón, 12 Telf. 560704 Vivero  
General Franco, 24 Telf. 450674 Puentes G. Rodríguez

# O CARIBE, ESE DESCOÑECIDO

I - Balcanización e crise económica

Aos estudosos da América contemporánea, as arbres non lle deixan ver o bosque. Preocupados polo eterno maniqueísmo América Latina versus América Anglosaxona, aínda non se decataron de que hoxe as realidades americanas van por outros camiños algo distantes dos que eles imaxinaron. Frente aos dous grandes bloques devanditos, o que xurde nestes intreos é unha realidade máis viva, máis variada e ben menós sinxela que se manifesta no nacemento de espacios xeopolíticos e socio-económicos con forte personalidade propia que se individualizan do conxunto continental que xa non é mais a unidade de destino que se imaxinou.

Unha destas unidades que se destaca non só polo número de países que a integran senon polo feito de tratarse dun mundo en plena crise que cada vez pesa máis nos destinos americanos é o Caribe.

O Mar Caribe é un "Mediterráneo" no mais completo senso da expresión. Limitado por dúas masas continentais, un istmo e un amplo arco insular. Nel desenroláanse situacións dispares e astra contraditorias. Culturalmente, o Caribe é un lugar de encontro de mundos ben diversos: O latino en primeiro lugar na súa diálaxa

do medre da poboación, que chega a taxas do 50 por cento. Todo o cal provoca tensións sociais en proceso de radicalización.

En resúme: A rexión está madura para o xurdimento de gobernos moito máis próximos a A Habana que a Washington.

Fidel Castro, que é o único político da zona que pensa en

O PANORAMA POR PAISES

**Xamaica**, produtora de azuúcar e bauxita, atravesa unha gran inestabilidade política desde fai varios anos o que ten limitado o turismo e mermado as súas exportacións. O goberno esquerdista de Michael Manley enfrenta problemas enormes e a violencia semella mesmo haberse xeralizado. A axuda técnica de Cuba e a asistencia económica de U.S.A. e do F.M.I. non abundan para solucionar os problemas de Manley, home con grandes ambicións políticas e que aspira a converterse en líder do Terceiro Mundo e en Secretario Xeral das Nacións Unidas. É evidente, nembargantes, que Xamaica representa un dos poucos exemplos de democracia parlamentaria no Caribe e á estratexia de Occidente convénlle conservala como está polo que terá que incrementar a súa axuda económica.

**Sta. Lucía e Dominica** están de estremo na súa independencia e inclínanse cara o goberno revolucionario de Maurice Bishop de Grenada, establecido despois dunha revolución que o 13 de Marzal do pasado ano acabou co corrupto e represivo réxime de Eric Gairy. Tanto Sta. Lucía como Dominica resultaron enormemente danadas tras o paso do Ciclón David no derradeiro agosto. Por outra banda o seu futuro económico faría chorar de desesperanza a calquier economista. Entre as dúas illas suman 200.000 Hab. e o seu P.N.B. non chega aos 80 millóns de \$.

**Trinidad e Tobago** preserva seu carácter democrático e parlamentario baixo a axida do seu incombustíbel Primeiro Ministro Sir Eric Williams, pero un movemento independentista de Tobago, apolado por Cuba, está facendo xurdir un novo foco de tensións na rexión.

**Grenada** e a meniña dos ollos de Castro. Seu líder Bishop, visita A Habana con frecuencia e envía aos seus soldados a recibir

adestramento militar na moi esquerdista Guyana de Forbes Burnham. A taxa de desemprego de Grenada é superior ó 50 por cento e a súa economía moi limitada. Por esa razón, Bishop, que se define asimesmo como "socialista" ten declarado que vería con moi bons ollos un aumento sustancial da axuda económica norteamericana que o liberara da excesiva dependencia de Cuba para resolver os problemas internos.

**Haití** é o punto sempre perigoso do Caribe Central. Pobre de solemnidade está sometido desde fai décadas a unha das máis sanguiñentas ditaduras das que se ten noticia. Jean-Claude Duvalier, Presidente vitalicio do país, goberna ca axuda dos seus Tontons-Macoutes sen que se vislumbrase o menor intento liberalizador. Miles de haitianos teñen sido torturados ou mortos namentras que a familia Duvalier transferiu a bancos suízos unha fortuna persoal estimada en 400 millóns de \$.

O Blanco Mundial declarou que máis da metade dos ingresos públicos nacionais de 1975 que supuñan 95 millóns de \$ foron transferidos a 300 "contas especiais" irregulares pertencentes a membros do réxime. "Bebe Doc" esta totalmente manobrado pola súa nai "Mamá Simone" e, segundo a prestixiosa revista CARIBBEAN REVIEW en número monográfico recente sobre Haití, desde o Setembro pasado reiniciáronse escaladas represivas que suman xa centos de vítimas. Namentras a élite de gangsters haitianos aterrorizan ao pobo, Jean-Claude, vive no Pazo Presidencial rodeado dun luxo tan insultante como macabro.

**Barbados** está tan moldeado nas tradicións británicas que se lle chama "A Pequena Inglaterra". Padece das limitacións que ten unha illa agrícola. O Primeiro Ministro Tom Adams tivo un éxito parcial en solucionar o problema do paro pese ao cal a taxa de desemprego é do 20 por cento pois a única fonte de postos de traba-



llo é o turismo. Barbados é o mellor amigo dos EE.UU. na zona que non foi obstáculo para que o Goberno Carter cometera a insensatez de rachar as negociacións para unha renovación do acordo que permite o funcionamento dunha pequena base naval americana na illa. As conversas naufragaron por unha diferenza de 250.000 \$ entre o pedido e o ofrecido.

**As Bahamas** sintense moi orgullosas dos seus lazos ca Inglaterra e conta cun goberno parlamentario desde hai 250 anos. Pero non todo marcha ben ali. Calculase que o desemprego afecta a case o 25 por cento da forza de traballo e nunha das súas illas, Abaco, existe un forte movemento independentista. O Goberno do seu Primeiro Ministro Lynden Pindling é considerado como "corrupto" e témesese que calisquera día estoupe un escándalo que abale a todo o arquipiélago e o faga caer na órbita cubana.

**A República Dominicana**, derradeiramente, ollá un renacer da democracia aínda que non sen sobresaltos. O Presidente Antonio Guzmán non debe seu posto sómente aos votos. Sen a gran presión do goberno Carter sobre os militares dominicanos, unha das poucas cousas que en política exterior pode enorgullecér á actual administración U.S.A., non se evitaria o pústch que os nostáxicos do autoritarismo de Balaguer tiñan planeado. Semella que a democracia botou raíces neste fermoso país e aínda ben que os efectos do Ciclón David foron arrasadores, a economía dominicana ten brillantes perspectivas gracias a unha considerábel inversión estranxeira. Tras abortar un golpe militar o 27 de Setembro pasado e superar o enfrentamento entre o Presidente Guzmán e o seu "PARTIDO REVOLUCIONARIO DOMINICANO", o país preséntasenos hoxe como un dos poucos puntos luminosos do Caribe.

A esta situación crítica levou o desinterés do mundo occidental. A suicida política colonial británica empeñada en balcanizar a área e a miopía de Washington son as principais razóns do abandono, da miséria e da crise no que o Caribe permanece afundido.

O Caribe é un mundo que emerge entre terribes dores de parto. As presentes marexadas non tardarán en converterse en tempestades de furia incontenible que abalarán todo o Continente. Aínda é tempo de se rebrantexar América desde outras perspectivas menos simplistas que as actuais. E neste rebrantexamento ao Caribe caberá un rol importante no novo xogo político que se avexia.

CARLOS XIXIREI PAREDES



versión franco-española, o anglosaxon, o holandés, o africano e o indíxena. Económicamente vaixe desde o superdesenvolvemento norteamericano astra a pobreza espantosa das Antillas Menores. Politicamente danse todas as fórmulas: Países independentes, Estados asociados, Colonias europeas, Gobernos socialistas, socialdemócratas, liberais, rexímenes militares, Dinastías de tirans, parlamentarismo clásico, Sistemas de partido único, etc.

Nesta crónica trataremos sómente por razóns de espacio o Caribe insular deixando para a ocasión seguinte o caso centroamericano.

## CASTRO, O UNICO QUE PENSA EN TERMOS XEO-POLITICOS

No amplo arco que se estende desde Florida a Venezuela, existen actualmente 11 países independentes: As Bahamas, Cuba, Haití, Sto. Domingo, Barbados, Jamaica, Grenada, St. Vincent, Sta. Lucía, Dominica e Trinidad-Tobago que pasarán a ser 14 ao longo de 1980 coa incorporación de St. Kitts, Antigua e Anguilla. A eles hai que engadir un "Estado asociado", Porto Rico dous departamentos de Francia-Guadalupe e Martinica as Antillas Holandesas en situación de "igualdade constitucional" con Holanda e a minúscula illa de Saint-Maartens repartida entre A Haia e París.

A súa economía depende de algun monocultivo, azuúcar principalmente, e do turismo ao que débese engadir a explotación de algúns recursos minerais, especialmente bauxita e cobre.

Desde unha perspectiva xeral, o meirande problema, o problema abrumador do Caribe, é o desemprego, agravado polo rapi-

termos xeopolíticos, comprende hai anos que o Caribe é un concepto politicamente unificado, idea que hoxe comencian a aceptar os Gobernos de Caracas e Bogotá, ambos orientados a este mar e sumamente preocupados polos acontecementos de Centroamérica e a crescente axitación antillana. Os EE.UU., polo contrario, non semellan ter chegado aínda a esa amplitude de ollada e segue acreditando non só que Cuba, as Antillas e América Central pertencen a categorías diferentes senón que so Cuba, Haití e Sto. Domingo, merecen a súa preocupación dentro do arco insular. Deste xeito, Washington non presenta unha política articulada para toda a conca mesoamericana e prefire acometer cada caso ailladamente, improvisando a súa política e cometendo erros tan grosseiros como o de intentar manipular as decisións do Banco de Desenvolvemento do Caribe ou condicionar a súa axuda económica a que os gobernos caribeños sigan as súas directrices políticas.

Un análise sóbrio da situación da conca do Caribe indica que Castro ten asignado alta prioridade a toda a zona. Para començar convenceu a varios países para que ingresen no Movemento dos Non-Aliados que el preside astra 1982; logo literalmente bombardeou con mestres, médicos, enfermeiras e técnicos agrícolas a todos os gobernos dispostos a recibir esta axuda. Todo isto tradúcese nunha crecente influencia cubana nunha zona que encerra, entre outras cousas, o canal interoceánico de Panamá e as rutas que levan o petróleo venezolano e mexicano.



Ilustración FIZ VALGARCEL

## Galicia no mundo: entre o verdadeiro e o falso

"Le Monde" de París, un dos periódicos máis coñecidos no mundo, ven de adicar un longo artigo a Galicia co título de Galice: certitude et incertitude, firmado por Charles Vanhecke, enviado especial.

Dada a influencia que exerce este periódico, parécese interesante analizar aquí os puntos principais tratados por Vanhecke e ver en que medida o autor amosa unha imaxe verdadeira ou falsa da nosa nación.

Aínda que o artigo sobre Galicia encabeza unha serie de tres artigos co título xeral de: **Le Puzzle espagnol**, adicados os outros dous a Andalucía e a Canarias, Vanhecke reconece que Galicia constitúe unha Nación histórica, xunto cos Países Cataláns e con Euskadi. Mais agás desta verdade histórica -como podería negala- o autor deixa entender que Galicia, contrariamente a Catalunya e Euskadi, presenta máis características de rexión que de nación.

Vanhecke fundamentase na aparencia para sacar conclusións de fondo. Como nós non dispomos dunha "guerrilla" tipo ETA nen dun "gran movemento nacionalista", non facemos, segundo o autor, falar de nós. Razonamento este que traduce unha verdade de feito mais tamén a contradición de toda unha mentalidade occidental: a chamada capitalista liberal.

Vanhecke reconece que hai en Galicia un movemento nacionalista mais o senso co autor dá a este termo non está moi conforme ca realidade política galega pois engloba todas as forzas políticas que actúan en Galicia, agás o partido gubernamental UCD e a dereitista Coalición Democrática. Así presenta a Domingo Merino -quen se gaba de ser o primeiro alcalde dunha grande cidade en terse dirixido en galego aos seus adeministrados en toda a historia moderna de Galicia- como un nacionalista. Mais logo, seguindo a declaración de José Manteiga, o autor anota que "moitos dubidan á hora das definicións nacionalistas" pois -di Manteiga- "a mor parte dos galegos sinten que pertencen a unha mesma terra, pero fálalles o sentimento histórico". O hipernacionalismo e o hipermarxismo, segundo o sentimento xeral, non casan ben -di Vanhecke- co Fisterra galego.

Por outra banda, debido ao temperamento reservado -encarnado, **malgré** nós di Vanhecke, na imaxe de Franco do pobo galego, éste non se compromete na loita nacionalista. Tampouco se compromete a burguesía galega, raquitica e sempre disposta a imitar o que ven de Madrid e a someterse ás ordes do Império. O movemento nacionalista galego fica así reducido á mínima expresión.

Total, cando o autor fala de movemento nacionalista parece pensar nun PNV ou na coalición catalá de Convergencia e Unión, máis burgueses que nacionalistas, esquema completamente desfasado con relación a Galicia, onde pola contra dispomos dun movemento sindical e político nacionalista popular ao co autor non alude máis que de pasada. Mais isto comprendese perfectamente se temos en conta a mentalidad occidental de que falabamos denantes.

O autor sorpréndese da declaración de Francisco Rodríguez da UPG quen presenta a Galicia como unha colonia aínda que xustifique a súa declaración: "Non dispomos de ningún poder político. Non podemos desenrolar a nosa cultura". Colonia tamén por razóns económicas: Namais producimos materias primas. As poucas industrias son contaminantes ou destrozan a paisaxe e as súas producións son exportadas. A súa autopista "non serve nen aos mariñeiros nen aos labregos".

Mais a sorpresa do autor -no escomezo reconecía que era difícil para un extranxeiro distinguir o verdadeiro do falso- compréndese en parte cando lemos as declaracións as que foi exposto e a partir das que finalmente debeu formar a súa idea xeral. Así por exemplo Camilo Nogueira do POG define a Galicia "como unha rexión subdesenvolvida con producións dun país desenrolado". Daí a explicar o fenómeno da emigración, o que fan moitos, por razóns de tipo aventureiro non hai máis que un paso.

O galego que, segundo o autor, é un dialecto do portugués, pasou de "patois" a ser instrumento de reivindicacións políticas como se pode costatar nas "vellas paredes de Santiago" que sirven de "pretexto d'une vaste prise de parole".

Aquí Vanhecke non ten excusa. A imaxe errada do galego, como dialecto do portugués e como "patois qu'il était" cadra mal cos datos científicos -o galego actual é a mesma lingua co galego medieval que foi instrumento dun gran movemento cultural que deu nacemento ao portugués actual- e ca realidade empírica -o galego non agardou a morte de Franco e a vinda da "democracia" para converterse de "patois" en lingua.

Esta ignorancia cadra mal tamen ca imaxe elitista dos periodistas de "Le Monde" quen dar de si mesmos. Ou quizais, máis que de ignorancia, se trate do perxuício tan típico francés: a obsesión centralista.

DOMINGO PRIETO ALONSO

## A CANTEIRA

Prometemosles no número anterior analizar a fondo as dúas grandes doéncias que, ao noso xuício, aqueixan ao fútbol galego, e que considerabamos eran a ineptitude das Xuntas Directivas e o xeito de tratar á Canteira. Neste comentario imos tratar do segundo destes temas.



Collendo, por exemplo, aos nosos equipos máis representativos, coído que o seu grande error respecto á Canteira é non ter planificado un traballo concienzudamente estudado e coas persoas adecuadas ao fronte do mesmo; e moi importante, que estivera por arriba de troques de Directiva, malas clasificacións, apuros económicos, etc. Me explicarei, cando unha nova Directiva faise cargo da dirección dun Club, no máxin de todos eles está a adquisición duns terreos aptos para construír campos de fútbol, apoio de diversa índole a os equipos de inferior categoría, subvencións económicas aos Clubs Modestos etc.

O curioso do caso é que como no fútbol non sempre dúas

e dúas son catro, e que dun penalti non sinalado ou dun balón ao largueiro pode depender un ascenso ou descenso de categoría, atopámonos que ano tras anos, e

coa penúria económica sempre por diante, estes Directivos anunciannos que a pesares dos seus bons desexos teñen que retrasar, a vista do custo do proxecto desexado, a construción que tanto anxeaban... anque despois cheguen a fichar tres entrenadores por Temporada, caso por exemplo do Celta.

A solución a todas estas incoerencias considero que debe estar na urxente construción duns complexos deportivos, con varios campos de fútbol, que servirían para os entrenamentos de todos aqueles xogadores, de diversas categorías, que estes baixo unha forma ou outra, controlados polo primeiro equipo; no mesmo complexo podería construírse unha Residencia-Hotel,

onde se concentrarían os xogadores na víspera dos partidos (matin o aforro que isto suporía ao longo da temporada), e onde se hospedarían permanentemente os xogadores solteiros das diversas formacións de Club que non tiveran fixada a súa residencia na cidade; albergaría tamén un complexo equipo sanitario, con súa de Recuperación, Ximnasio, Sauna, etc.

### A CAPACIDADE DE REXER

O aspecto máis delicado ven a continuación, e é que penso que se todo o anteriormente exposto non está rexido por persoas dunha capacidade demostrada, millor é esquecerse de todo e deixalo como está. Na maioría dos nosos Clubs os homes que atenden estes mesteres, son xa

persoas caducas, con moitos anos ao servizo de Club, sen ningunha ilusión por promocionarse para empresas de maior importancia, e que o único que agardan é chegar a idade para xubilarse. O meu punto de vista é que para estas funcións se pensase en antigos ex-xogadores que teñan demostrado ao longo da súa vida deportiva unha honradez e capacidade de asimilación, que os teña animado a continuar a súa traxectoria como entrenadores, de estos homes, con toda seguridade, se toparía algun, que unha vez adquirida certa madurez, e co profundo coñecemento de todas as promesas que controla o Club, daría uns óptimos resultados.

A preparación física a partir dunha corta idade dos rapaces que foran seleccionados por estos homes, sería fundamental para o futuro, pois de todos é sabido o grande handicap que representa para un xogador dar o salto a unha categoría superior unha vez superada a idade xuvenil, e non precisamente pola cuestión técnica, senón é que non existindo unhas facultades físicas suficientes, queda totalmente anulada pola falta de reflexos e rapidez de ideas. Ao mesmo tempo o corpo médico do Club deberá exercer unha vixilancia intensiva sobre estes xovens, para poder esixir a cada quen conforme a súa condición.

Para rematar sulñar que a financiación deste complexo (ao marxen das subvencións que poidese otorgar a Delegación de Deportes) e vistas as dificultades económicas existentes, podería enfocarse baixo dous prismas diferentes; os cais poderían someterse á aprobación dos sócios nunha Asamblea designada ao efecto. O primeiro deles sería que os sócios que o desexasen, pagasen unha cuota de entrada e unha adicional ao recibo de cada mes, con dereito a disfrutar algunha das instalacións que se construírían de dito complexo para este fin (podían ser Piscinas, campos de tenis, balonmán, baloncesto, tenis de mesa, xogos recreativos, restaurante, biblioteca, etc.) Se este sistema non tivera a aprobación, a única saída sería mermar, temporalmente, o potencial do equipo co-traspaso de aqueles elementos que fosen necesarios para obter as pesetas suficientes para a construción da obra, esta merma afectaría ao equipo a bon seguro durante dous ou tres temporadas, pero coído que sería proveitoso polo froito que se recollería.

P.G.OURAL

## o Ensino

Revista Galega de Sociopedagogía  
e socio-lingüística



Editada por "PROMOCIONS CULTURALS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

### SUBSCREBASE DESDE XA!

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

## ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ

Teracionando usar correctamente da validez da dialéctica marxista en relación coas ciencias en xeral e coa bioloxía especificamente, é evidente que a antropoloxía, suposto o control xenético do desenrolo das características fisiolóxicas e psicolóxicas do individuo, realízanse e réxese prioritariamente pola interacción das influencias sociais e ambientais, tanto outras características como a personalidade e intelixencia, por exemplo, terían un moi esquivio grao de dependéncia das leis biolóxicas. Feita esta distinción, por riba de toda controversia, os caracteres antropométricos, como peso, talla, etc., serían maiormente rasgos hereditarios, inda que tamén moi influenciados polo ambiente social.

O crecemento representa os cambeos nos parámetros e correspondéncias antropométricas en relación co tempo. Agora ben, este proceso non é sinxelamente un proceso continuo nen se realiza nun ambiente de espácio e recursos ilimitados. No fondo da cuestión alcóntrase o fenómeno constante da nutrición, que atende á dobre manifestación do proceso vital, de maneira que cabe falar en todo momento de status nutricional con todas as súas implicacións. Nutrición e alimentación non son termos sinónimos en linguaxe médica, pero penso que aplicándolle os conseguintes adxectivos ad hoc, non hai perda e todos nós entendemos.

Compre decir que o grao de empirismo e controversia nos problemas de nutrición e política alimentaria no occidente, é moi alto, de maneira que fora dos problemáticos suplementos de vitaminas e afortalecementos en nutrientes, a miúdo fraudulentos, o coñecemento da fisioloxía infantil, por exemplo, non ten influenciado maiormente, no mundo occidental, a práctica da alimentación, que en realidade fica na meirande parte en comportamentos empíricos, baseados nos propios progresos que fan os nenos coas dietas habituais.

Hai uns trinta anos escomenzou a espallarse a teoría da grasa como causa da arteriosclerose. Esta teoría non chegou a explicar axeitadamente o feito, ben coñecido, das poboacións primitivas que inclúen nas súas dietas unha alta proporción de grasas animais, e onde a incidencia de arteriosclerose e niveis anormais de grasa no sangue e practicamente nula; este é o caso dos Masai, dos Esquimales, de certas tribus nómadas e mesmo de núcleos de poboación rural da nosa Terra. Evidentemente os desxustes nutricionais non explican por si mesmos estes feitos, certamente precisa de estudarse a conexión fundamental cos factores da civilización. Esta é unha proba máis de que a prevención e mesmo a erradicación das enfermidades non dependen somentes da simple comprensión dun mecanismo fisiopatolóxico ou dun simple dato anormal; con moita frecuencia a "ciencia burguesa" presenta este tipo de deficiencias.

A partir da Conferencia Mundial da Alimentación de Roma de 1974, surxiron, as vegadas con impetu, proxectos e plans de nutrición tanto a escala nacional como internacional. O devandito converteuse nun verdadeiro tópico de asembleas e comités, emporiso as cousas pouco andan cambiaron, máis aínda, fenómenos con Agripower, o INRISD (United Nations Research Institute for Social Development), e mesmo organizacións supostamente multilaterais neutrais como o Banco Muncial (traballando en



Ilustración: XULIO MASIDE

colisión con as élites locais, entendase Cámaras Agrarias, Caixas Rurais no noso caso ou calisquer outros o traveso dos que se canaliza a presunta axuda) ironicamente coexisten, nunha ultraxanté contradición, co incremento da pobreza e da fame no mundo. Mesmo a Green Revolution (Revolución Verde) non resultou en menos malnutrición no mundo, inda que suxerentemente promoveuse a fabulosa e lucrativa industria antipesticida, evidentemente unha solución antiecolóxica.

O análise contextual non pode menos que levar a crítica e censura do poder colonial dos estados capitalistas.

Cara os feitos positivos do tema antropolóxico, sería moi útil a conformación de estudos coordinados en ámbitos reducidos de unidades estadísticas, como poden ser as parroquias ou distritos municipais, nos que sería posíbel o estudo de seguimento lonxitudinal astra o remate da adolescencia.

As implicacións sociolóxicas dos criterios antropolóxicos son obvias, e espállándose astra os nosos días. Determinados rasgos morfolóxicos foron identificados diferencialmente dentro de postulados racistas e aínda clasistas. Tales diferéncias concretízanse significativamente nas estruturas e superestructuras sociobiolóxicas de culturas pasadas e presentes. "Asclepio, a sua muller Epioné e os seus fillos e fillas aparecen representados de maior tamaño que os fieis, como convén a divindades (Exvoto a Asclepio alcontrado en Tirea. Museu Nacional de Atenas)".

Sendo a talla un índice de crecemento do esqueleto, característica hereditaria, no contexto xeral do crecemento humano, garda unha estreita relación co status socioeconómico, de maneira que as familias ricas acadan axiña os topos finais do seu crecemento e desenrolo. Por outra banda hai feitos ben documentados, de tempo, que sinalan cambios nos modelos de crecemento e maduración, que supoñen importantes implicacións tamén nos terreos sociobiolóxicos e culturais. Nefeuto, os nenos medran agora máis axiña e acadan tamén madurez máis cedo, sendo a derradeira talla de adulto tamén máis alta, o que trai como consecuencia unha falla de correspondencia cos patrons de comportamento e interpretación axeitada dos sistemas sociais que ficán inmodificados.

Compre sinalar que nos países occidentais a máxima talla acádase agora os 17-18 anos, e fai tan só cincuenta, esto mesmo sucedía os 26 anos.

A media aritmética da talla do estado español era para 1973 de 169,3 cms e foi de 170,4 para o ano 1977. Para este derradeiro ano de 1977 a media aritmética dos reemplazados de Galicia era de 169,3 cms, de 172,1 para Euzkadi e de 171,6 para Catalunya (Dados do Anuario Estadístico, 1979), si evidentemente, como se sostén, a teoría de que a aceleración do crecemento débese a causas ambientais (nutrición fundamentalmente), e que o incremento da talla final é debido a factores hereditarios, e craro que a nosa poboación infantil-xuvenil fica fondeada no subdesenrolo e sofre as consecuencias de desaxustes nutricionais que se dan nos países colonizados.

Como criterio de saúde e mesmo do status nutricional a taxa de ganancia de peso e un indicador máis útil que a cifra actual, inda que ambos os deben ter en conta.

Area	Pesos de recién-nados (gramos) (media aritmética)	
	Varóns	Mulleres
URBAN	3.407	3.336
RURAL	3.480	3.476
Persoal: 1979		

Neste cadro, dun estudo de aproximación elaborado con unha mostra pequerecha (469 nenos) de dous medios xeográficamente e socioeconomicamente distintos, amósanse diferéncias que ben poden suscitar algunha reflexión, cando menos poideran dar ocasión de estudar as interrelacións antropométricas do recém-nado a termo co seu ambiente perinatolóxico, o que ocorre despois é outra historia.

### da terra asoballada

#### CONTRA A POLITICA AGRARIA DO GOBERNO

No día de hoxe e dentro do contesto xeral da campaña que as CC.LL estamos a levar en contra a política Agraria do Goberno e en contra a Cuota Empresarial, foille entregado unha solicitude de entrevista ao Presidente da Xunta de Galicia, para informarlle detidamente dos problemas máis graves do noso agro, e que segundo o noso criterio son: proxecto de Estatuto do Leite, a falta de saída para o viño do Ribeiro e de Verín, os ruinosos preños da carne e a inxusticia que representa a Cuota Empresarial da S.S.A., nestes mesmos terminos sera entregada asimismo unha solicitude de entrevista, dentro duns días, o Ministerio de Agricultura.

As Comisións Labregas solicitamos asimesmo unha entrevista co Sr. Ministro de Sanidade e Seguridade Social, e outra co Director Xeneral de Prestacións, con vistas a poder entablar unhas negociacións no camiño de solucionar o conflito da Cuota Empresarial. Por outro lado, tamén lles foi entregado aos distintos partidos políticos que actúan en Galicia unha carta, na que se lles pide que se pronuncien en torno a Cuota Empresarial e máis concretamente sobre os expedientes de via de ápremio.

Con toda esta serie de entrevistas as CC.LL non só buscamos que os responsábeis da política Agraria do Goberno, coñezan os negativos e desastrosos resultados da mesma para o agro galego, senón tamén propoñer aquelas solucións que nos coidamos máis axeitadas e realistas para o noso

campo, e que en diversas ocasións xa demos a coñecer a través dos medios de comunicación, (Plan Galego de Política Agraria e Reximen Especial da Seguridade Social para Galicia).

**BERNARDO FERNANDEZ  
REQUIXO  
SECRETARIO XERAL**

#### EN CONTRA DAS SANCIONS AOS MESTRES GALEGOS

Hoxe o Grupo Castela, ten que sair en contra de outro asoballamento máis, feito polo centralismo contra a Nosa Terra; outra vegada máis, temos que berrar e protestar enérxicamente en contra desta manobra caciquil.

Nas nosas escolas deben seguir polo camiño da verdade, e

o menos é que lle deixen exercer aos noso Mestres no seu idioma; aos nosos fillos, que se lles enseñe a Cultura que durante tantos anos nos foi negada e a Historia do noso Pobo. Teñen que coñecer pra que se sintan arraigados e defendan a sua Cultura e a sua Historia.

Outra vegada máis temos que rexeitar todas istas manipulacións que non son máis que intentos de acalar a nosa problemática Social Económica e Política.

Estamos ao lado dos nosos Mestres e estaremos sempre ao lado do que defende a sua dignidade e a sua liberdade, e de que os Pobos de España poidan defender a sua Cultura.

Mestre Galegos, segue por ese camiño que é o camiño da verdade; xa que os que temos máis anos non podemos

ter unha educación adecuada nen se nos deu na nosa lingua, que os nosos fillos si a poidan ter que será o deus pilar para o día de mañá.

Desde aquí estamos con vos e seguiremos loitando en defensa dos vosos dereitos que son os nosos, xa que o idioma e a base fundamental de toda a nosa Cultura.

Para pechar temos que manifestar a nosa máis enérxica protesta por todos estes feitos que delatan claramente o asoballo que sofre aínda hoxe a nosa Terra.

**UNHA APERTA MOI FORTE  
COMPANEIROS**

"O GRUPO CASTELAO"

**XOSE LOIS TORRES ABAL  
L HOSPITALEST DE LL.25-3  
1980**



da arte e dos xeitos

OS ARTISTICOS RAMAIOS DOS MAIOS


A entrada no bon tempo celébrase en Galicia cunha ristra de festas e romarías que quizais teñan as súas orixes nos tempos protohistóricos, na Galicia castrexa e na romanización. Velaí o antróido, a candelaría, os maios e o San Xoán.

Imonos, pois, quedar ca festa dos Maios, e para iso somentes cun aspecto, co referente á decoración e ao simbolismo dos ramaios, medas ornamentadas con milleiros de froliñas silvestres, formas moi variadas para levar en andias polas ruas das aldeas e cidades, para erguer sobre dos carros, para facer fixas nas encrucilladas ou nas eiras: Arboreas e ramaios, espantallos en forma de home, cruces, parellas, medas e outras moitas armadillas que os mozos e as mozas argallan para

darlle as boasvindas ao tempo do sol, das raxeiriñas, da esfarna e da semente.

A data sinalada a ser os primeiros días do mes de Maio, nas mesmas fechas nas que a eirexa pon a festividade da Santa Cruz, pois a enseña da cruz ven a ser como a arbre da vida e do renouamento... eis o significado dos maios.

Adórnanse as lumjeiras das casas con campanillas, con fiuncho e xestas frolecidas, a lería agroma nas xentes, no rechouchio dos paxariños, no cantar do cuco, bon agoiro, e tamén no brincar dos animalíños. Compre, pois celebrar a vida e a fecundidade neste mes no que os ríos voltan aos seus baltróns e no que as carballeiras reverdecen mozas e bariles. Fecundidade e vida que se recibe con arcas de trunfo feitas con cadrellos de verde, con ramaios e froles.



Aínda queda na arte a lembranza dun tempo no que os ritos da fecundidade acollíanse deste xeito. Non hai mais que botarlle unha ollada as dúas figuras do exterior do templo prerrománico de Santa Eulália de Bóveda, alí temos á muller moza cuberta cunha arca de froles e á muller embarazada tamén cuberta. Este tema repítese na igrexa románi-

O ramio é enseña de fartura e fecundidade e velaí como aínda se segue pondo no curuto do tellado ao rematar unha obra, como nas festas aldeas se rifa o ramio farto de lacóns, de botellas e de roscas. O ramio é unha enseña de bon agoiro, e na festa dos maios tamén era este o seu significado animista, co que se lle daba propiedades máxicas aos vexetais, é isa a vella permanente do panteísmo, sempre representada na sensibilidade galega.

O maio pasa en procesión percorrendo a aldea, como quen dis botándolle a bendición as casiñas, arelándolle fartura nas colleitas, nos graneiros, nas cortes, namentras os mozos e os rapaces van cantando aquelas cantigas de "Aí ven o Maio..." O maio cheo de froles, de bugallas, de guirnaldas e de ovos ensarillados, vai pasando como un santo padroeiro cheo de color, dándolle vida ás casiñas da aldea.

andando a terra

UN POEMA SINGULAR

Este servidor ten tan pouca erudición que non sabe quen foi ODÓN FERNÁNDEZ REGO. Andiven revolvendo libros e non puíden atopar ningunha referencia a este persoaxe. Nin siquera na monumental obra de ALBERTO VILANOVA, **Los gallegos en la Argentina** que podemos decir que esgota o tema. O mellor non soupen buscar ben. Os dous grosos tomos de Alberto Vilanova teñen moitas páxinas e unha letra moi miuda. E este barbas xa comenza a precisar anteollos. O mellor foi esa a causa de non dar co persoaxe que percuro. Tampouco atopie ningunha referencia ó señor Odón Fernández na esautiva **Historia da Literatura galega contemporánea** de Ricardo Carballo Calero.

A única noticia escrita que atopei do señor Fernández Rego foi no volumen II do **Diccionario bio-bibliográfico de escritores (galegos)** do eruditísimo Couceiro Freijomil, na súa páxina 63.

Que dice tal señor Couceiro non é gran cousa e non nos quita ningún atranco. Velaíquí a súa referencia: "FERNÁNDEZ REGO, Odón.— Publicó: **Falas gaias ó meu son** (Buenos Aires, 1930)". E eiquí se remata todo. Pola nosa parte temos que engadir que somos propietarios, e a moita honra, dun exemplar de tal libro, que foi imprentado, como reza na súa portada, en "TALLERES GRAFICOS ARGENTINOS L.J. ROSSO.— SARMIENTO 779 y DOBLAS 955". O volume, en cuarto, consta de 122 páxinas máis dúas sin numerar. Está imprentado en papel que chegan pergameo de imprenta. E trátase dun libro singular, curioso, pintoresco e un tanto conero. O estro poético do señor Fernández Rego non brilou a gran outura, a xurgar por este poemario. O seu galego é moi curioso e non é de gran calidade. Por un poema que ven na páxina 39 e 39 volta supoñemos que o autor sería de Viveiro ou dos arredores. Aínda que da lectura dos versos non se desprende

que verdadeiramente nos chama a atención deste libro, ademais dos seus malos versos e do seu mal galego, e un poema que se titula **Sen Parolas** e que figura na páxina 69 do dito **Falas gaias ó meu son**. O seu texto é como sigue, nin letra máis nin letra menos. Despois de ollar tal poema, os lectores xa me explicarán. E sin máis retóricas nin díxome imos xa co poema:

SEN PAROLAS

Huuuuuuuum, o, a, ris tras, ri qui ri, traca, traca, trac, traca, traca, traca, chan... ric rac, ric... zi ta... foococ, hum ca fiiiiiiiiiiiiii.— tun a aiiiiii.....

Posiblemente que Odón Fernández o que quere espresar nestes versos é o paso do tranvía por calqueira rúa de Buenos Aires. Ou cecáis o paso dun comboi de ferrocarril atravesando a Pampa. Ou tal vez o bruído do seu automóvel particular pola Avenida de Mayo. Ou aínda, nun afán de transcendencia metafísi-

ca total, espresar a mesma esencia do maquinismo. Este singular poema, no pouco que nós entendemos, é o meirande logro poético do noso autor. E este logro está moito por derriba do resto das composicións poéticas do seu libro. Non temos máis que comparar os versos que deixamos transcritos e levemente comentados co poema que ven no mesmo libro, na súa páxina, 63 e que nos compracemos en reproducir ó pé da letra:

XIII

—¿Sabes quen é? —Non —Pois voucho a spricar se non te chegan a pensar. Un home cal eu e gal ti, cal foi teu abo, cal o meu, que xa podreceu. —Xa entendo... bo, bo.

Dende logo o que máis nos chama a atención deste segundo poema é o tiduo e o sutiduo. ¿Por qué este poema se titula "XIII"? ¿Eferirase cecáis a Alfonso XIII entón reinante en

Por ALBERTO VILANOVA

Madrid... ¿Por que razón o colega don Odón Fernández lle pon, ó seu poema, como sutiduo unha interrogante? ¿Qué quere suxerir ó lector...?

No que hai que concordar é en que o poeta Odón Fernández Rego era mestre no arte de poñer tiduos. E incurso no manexo da musicalidade do idioma. Xa pra rematar vou a transcribir en gracia ós lectores, sin comentarios, como diría o Piriyí de Alariz, o poema que ven na páxina 95 de **Falas gaias ó meu son**. E que o lector saboree e comente:

ABI VEN

Abi, ven i-alá Sus co ve, di; ven el fará ca-li vas ti Xaquín, i-aló Abi d-eiqui s-ira pr-ali con ti d-acó.

¿Que diría o noso admirador don Juan de la Cosa Gómez destes versos, si chegaran a Alfonso XIII entón reinante en


arredor de nós

ENCOI DAS MAREAS

A atracción dos astros dá lugar a ondas de grande lonxitude, que son as mareas, de aí que a disposición da Lúa e mais o Sol determinen as súas características, influenciadas tamén por algúns factores doutra orde.

Deste xeito, as mareas non son máis que oscilacións da superficie do mar, polos efectos dos astros citados; o espácio é un factor esencial, polo que mares pequenos, como por exemplo o Mediterráneo, non permiten o desenvolvemento de ondas longas, dándose unha onda ao día, e sendo o rango de variación do nivel do mar cuestión de centímetros.

Se ben hai moitos tipos de



mareas, o mais xeral consiste en dúas ondas diárias, dúas pleamares e dúas baixamareas, dando a lua chea e lua nova danse mareas

maiores, dándose aproximadamente cada quince días, sumándose os efectos do Sol e mais os da Lúa, e é nos equinócios cando

acontecen as mareas máis importantes.

Nas nosas costas a amplitude de oscilación de marea chega a pasar os tres metros, e como noutras costas, ao encheren e devalaren, afectan grandemente aos organismos que viven na zona intermareal ou que están dalgun xeito vencellados a ela, condicionando a súa actividade en xeral. Deste xeito as mareas influen nestes organismos, polo que aparecen unha serie de ritmos, característicos moitas veces a nivel de grupo ou especie.

Témonos que decatar de como a estrutura da costa determina a superficie que queda ao descuberto ao devalar o mar. De aí que moitas veces queden ao descuberto cachos de grande exten-

sión, moitas das cais ofrecen recursos mareiros de grande interese.

A exposición dos organismos aos diversos factores ambientais, fai que sean somentes certas especies concretas as que habiten nestas zonas, e que teñan que soportaren moitas veces situacións de "stress".

Por outro lado, a enerxía das mareas é considerábel, de aí que se estean a aproveitaren para a produción de enerxía eléctrica, ou mesmo para botar a camiñar diversos inxénios mecánicos como por exemplo os moíños. Moíños de mareas dos que quedan algúns representantes en Galicia, e que outrora desempeñaron unha importante labouira, estando hoxe abandonados.

Por CHAIRA

PUBLICACIONES

"SONETOS DA LUA CHEA", DE MILLAN PICOUTO


Tampouco non é boixe común titular un libro desta maneira, cando tantos hai que andan á procura de novas e orbraiantes formas de dispoñer o discurso poético, ás veces con máis aventura ca ventura.

Cando seis sonetos postos un detrás doutro formando un poema unitario son cando menos un desafío, porque se trata xa dun milleiro e medio de versos, todos e cada un perfectamente rimados e escandidos.

Hánme deixar que diga que moi toz hoxe se poñen a facer versos atendendo a definición badoca do poema coma conxunto de líneas de desigual lonxitude. Queda por certo progredir — e cun pouco de sorte sempre hai algún para decir que un é un xenio — o dispoñer unha edición en papel de varias cores, mesturando fotos queimadas e prosas alleas ou referencias a Marilyn, igual ca Moix en pequeno. Desto temos aínda novos e poucos ilustres exemplos, coma se o vertixismo non fora serpe de vran de cando estes súpetos xenios aínda non mnacaran.

Mais o soneto, con seis séculos de vida, segue sendo aínda vizoso e novo, como novo é Homero ou Pero Meogo. E millor lles fora ós innovadores de palleiro que proliferan á raioa marzá do paiolismo cultural aprender a labrar un bon soneto antes de se meteren en riscos de verso libre sen o oficio preciso, porque o verso por moi libre que seña non é aritmético, senón que debe ter un ritmo singular non consistente en enfiar palabras tal como veñen, e cómpre xa que logo, pra meterse a el, previamente saber rimar e medir, igual, din os nosos clásicos.

Deixando este asordio case impropriedade, os sonetos de Picouto entendo que son un intento, logrado ó meu ver, de cingir a expresión do seu sentimento lírico — por certo poderoso — ó clásico e esplendoroso



cárcere dos catorce versos. Daí temos que o que secadra noutra forma se perdera en superabundancias, desta maneira fica férreamente contido entre os rengolóns e transmite unha sensación de forza tesa que doutra maneira puidera quedar espaxada. Porén, os sonetos de Picouto non se axustan sevis a un modelo único. Algúns deles teñen aínda un esquema que, de que eu sepa, non se téñen empregado nunca na lírica galega, anque polo que vén neste libro acaille ben ó noso idioma. Trátase duns sonetos moi habituais no clásicos ingleses, que rematan nun pareado a xeito de sentença final ou resumo. Na delicada arquiteutura do soneto, isto representa unha importante diferenza de concepción.

O libro é un longo poema de amor. O seu esqueleto é o amor sexual, mais o poeta completa máis e inclúe todo aquilo que é vivir nun país, e por eso os "Sonetos da Lua Chea" son tamén un poema patriótico. Hai un presente amor á terra no amor carnal e trasloce nas metáforas eróticas unha presenza enteira dos elementos naturais dunha terra e do ser dunha nación. Desta maneira a persoa vese na súa dimensión máis completa, interesada por todo o que é humano, e digo interesada no sentido de ter un directo interés non platónico, de estar mergullada en todas as cousas que están ó redor e dentro. Desta vez o concepto pequenoburgués e idealista que alcumou a "poesía social" — estreito criterio a que moito nos téñen afeitos, a favor e en contra, a crítica ó uso —, recibe un pau de morte a poesía "social" como parte ou subxénero poético non existe

Esiste a poesía como expresión enteira da persoa. A persoa pode ser social ou antisocial, ou mesmo asocial. O poeta pode sentirse pobo — selo — ou non. Nada bon produce cantar a "opresión do pobo" así polas boas. O poeta é voz do pobo, non o seu avogado defensor.

Esta maneira temos que a autoafirmación do poeta Picouto confóndese cunha autoafirmación colectiva e popular. O longo do poema temos a súa vida e o seu acontecer como acontecer compartido. Desta maneira temos que no soneto 83, impresionante proclamación de orgullo e ateísmo, de convencemento de si propio como forxador do propio destino — "o mundo roda porque o empujo eu" —, estamos todos nós.

Se lemos este libro — cousa urgente —, vemos como un poeta que claramente profesa a doutrina do materialismo dialéctico, ergue unha fonda vida emocional, non só do alieo, supersticioso e aterrorizado, senón só do propio, palpexable, do que todos os ollos humanos — e galego — ven. Paga a pena: é reconfortante.


Só como final unha palabriña máis verbo da lingua. Millán Picouto é dono dun galego maxistral, e percíbese unha preocupación polo idioma semellante no seu tempo á do P. N. (língua de ferro /língua de ouro). Estes Sonetos están escritos nun galego traballado, nótase a constante preocupación por eliminar o castelaniño, a solución falsa. E nótase tamén un grande senso da lingua. Non se trata dun galego estritamente "popular", é a procura dunha lingua literaria finamente traballada, traballosamente cicelada, que teima arredarse o menos posible da falada hoxe, mais tendo en conta tamén todo o acervo documental do pasado. Parece lonxe das valedades de última hora de conseguir unha koiné da noite prá mañá a partir de áureas teorías coma pedras filosofas. Parece consciente do rudo traballo de investigación palbra por palabra que este empeño requere traballo que aínda lle falta moito pra concluir. Mais a lingua que emprega o Picouto é xa un galego cheo de dignidade desde si mesmo, desde o propio galego, e eso é moi importante.

DARIO XOHAN CABANA

O POPULAR TAMÉN É O NOSO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

A comisión de Defensa do Patrimonio da Comisión de Cultura do COAG, consciente da sistemática agresión á que veñen sendo sometidos os elementos culturais básicos sobre os que se asenta a nosa identidade nacional, e da progresiva e incontenible destrución da nosa cultura, ven adicando nos últimos tempos un importante esforzo a denunciar a indefensión e deterioro dunha das súas máis importantes parcelas, o patrimonio arquitectónico e urbanístico, sobre o que astra hoxe realizou unha serie de informes (Barrio da Madelena de Ferrol, Rúa de Panadeiras da Coruña, desaparición dos espazos arquitectónicos das feiras...) cos que pretende mostrar os valores arquitectónicos, artísticos, históricos e ambientais de toda unha chea de edificios e entornos paisaxísticos sobre os que pesa algun tipo de perigo que poida supor a súa desaparición.

Coa aparición do recentemente publicado informe sobre o moíño de A Seca de Cambados, extracto para solicitar a súa declaración como monumento, a Comisión de Cultura do Coag, pretende — segundo afirma na presentación do mencionado informe — "iniciar a publicación d'una serie de folletos que recollan afirmacións e análises encol de todo tipo de edificios en perigo co



17. Vista do mecanismo do moíño. 14. moíño. 2. cunha. 3. auguella. 4. tornavento. 5. cunha. 6. auguella. 7. cunha. 8. do moíño. 9. cunha. 10. resaca. 11. resaca do moíño. 12. moíño. 13. sistema de elevación da cunha. 14. cunha. 15. cunha.

obxecto de contribuir mediante a súa divulgación ao grande esforzo colectivo preciso para conseguir unha conciencia nacional que nos permita avanzar na salvación da nosa arquiteutura" á vez que presionar a Administración esixindo medidas que poidan garantir a súa conservación.

Desde esta perspectiva, e sen esquecer a importancia da arquiteutura monumental dentro da cultura galega, o feito de que o primeiro destes folletos se centre nunha edificación allea a ela, supón un intento de constatar a existencia xunto a nosa arquiteutura culta doutra arquiteutura, astra hoxe sen ningún xénero de protección, que representando a máis viva expresión do modo e da historia dun pobo parece nacer como unha prolongación da paisaxe, doutra arquiteutura astra hoxe sen cabida na nosa cultura oficial, a arquiteutura popular.

O MUIÑO DE MAR DE A SECA

PEDRO DE LLANO



COMISION DE DEFENSA DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO. COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA

AXENDA

FOTOGRAFIA

"A GALICIA VIVA". Mostra organizada polo Grupo "Frouxeira", do Grupo "Nós". Na "Academia de Bellas Artes". Deica o 1 de maio. SABADEL.



DISCOS

"LA VOZ ANTIGUA". Guimbarda CFE DD-33001/2/3. No mercado discográfico hispano, atopar discos de folklore de grabación rural é pouco menos que imposible; concretamente só existe a vella extraordinaria e costosa antoloxía do profesor García Matos. Que Guimbar-

da edite o traballo de campo de Alberto Gambino e Manolo Garrido procedente dos viaxes por Galicia, Eivissa, Mallorca, Santander, Cádiz... A seriedade da recolleita e o seu interés é indubidábel aínda que a información científica seña pouca. Tres discos de adquisición ineludíbel para calquer amante da música e a un prezo realmente ventaxoso.

Jordi Sabatés. PORTRAITS-SOLITUTS RCA-Zelveste PL-35219

Jordi Sabatés non é un gran pianista nen un gran compositor; por esas razóns, este disco de suma pretensión peca como primeiro defecto de aburrido. Pola nosa banda deixounos absolutamente desinteresados pero como non abundan as alternativas sen pasar os Pirineos...

BANDA MUSICAL DE KRAMER CONTRA KRAMER CBS-Master Works 73945

Non están alá moi afortunados os mestres Raymond Leppard e Max Goberman no seu tratamento de Vivaldi e Purcell, pero non temos incoemente en recomendar un disco que, sen pretensións de fidelidade musicológica, cumpre un importante papel demostrando que o barroco pode ser altamente dixestivo. Proben a escoltaló cunha boa copa de cognac nunha man e un habano na outra.

MOSTRAS

MOLDES. Oleos. Groucho-Pub. PONTVEDRA.

ALFREDO EIRAS. Oleos e dibuxos. Deica o 29. Saa do Ministerio de Cultura. Rúa do Vilar. SANTIAGO. LUIS SEOANE. Grabados en madeira. Deica o 26 de Abril. Torques. SANTIAGO. REIMUNDO PATIÑO E XAQUIN MARIN. Deica o 30. Saa de Mostras da Caixa de Aforros de Galicia. A CORUÑA. MANUEL FACAL. Retratos de Rosa-



lía. Augafortes. Galería Sargadelos. Rúa Nova. SANTIAGO. AMPARO PACHECO TEMES. Acuarelas. Astra o 27. Galería Prisma. Rúa dos Batitales. LUGO. PUCHADES QUILIS E CHARLES-MARTIN HIRSCHY. Esculturas. Na

Saa de Mostras do "Banco de Crédito e Inversiones". Praza do Ferrol. LUGO.

CINE

OS EMIGRANTES, de Jan Troell. Día 25, ás 10,30, no Cine Avenida. Cine-club MARIN. O ANDAR ERGUIDO, de Ch. Ziewer (1976). Cine Mozo Alemán. Día 29, ás 8 do serán, na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijóo". OURENSE. "POIL DE CAROTTE", de J. Duvivier (1936). Ciclo F.P.F. Día 30, ás 8 na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijóo". OURENSE. CANTATA DE CHILE, de H. Solás, cubano (1975), e o corto "Por primeira vez" de O. Cortázar (1967). Día 25, ás 10,30 da noite, na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijóo". OURENSE.

ACTOS

A MULLER E A VERBA, ANTRE O MITO E A SOEDAD. Conferencia de Esther Tusquets, directora da Editorial "Lumen" e escritora. Día 26, ás 8 do serán, no Ateneo. A CORUÑA. "A GALICIA VIVA" NO PENSAMENTO E OBRA DE ROSALIA DE CASTRO. Conferencia de Basilio Losada, na "Academia de Bellas Artes". Día 26, ás 7 do serán. Organiza o Grupo "Nós". SABADEL. GALICIA NO "ESTATUTO". Mesa redonda, na "Academia de Bellas Artes", organizada polo Grupo "Nós". Día 27, ás 12 da mañá. SABADEL. O ARTE COMO AFIRMACION CULTURAL DUN POBO. Conferencia e proxección de diapositivas, a cargo de Felipe Senén. Día 1 de maio, ás 7 do

serán. Organiza o Grupo "Nós". SABADEL.

CONCURSOS

TRABALLOS ESCOLARES. Redacción e ilustración dun tema da área de "Experiencias". Tres categorías: A, para Praescolar, 1 e 2 de em base aos temas de A miña aldea ou A miña rua. B, pra alumnos de 3, 4 e 5 de EXB, en base aos temas A nosa parroquia ou O noso barrio, e C, para alumnos de 6, 7 e 8, en base a A nosa bisbarra ou A nosa cidade. Traballos colectivos, pasados a má quina ou a caligrafía lexibel, empregando calquera dos tipos de expresión plástica utilizados na escola: B, que texto e ilustracións conxuntamente non pasen de 8 planas tamaño folio. Nos traballos de Praescolar que non houbera texto, valoraríase a expresividade das imaxes. Cada colexio ou escola só poderá presentar un traballo por categoría. O tempo de presentación acaba co mes de Abril. O fallo darase a conocer o 17 de maio os premios consistirán en lotes de libros para as escolas, e os exemplares premiados quedan a disposición da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, que ó quer organiza o Concurso co gallo de Día das Letras Galegas.

LIBROS

"RITOS Y CREENCIAS GALLEGAS", de Xesús Taboada Chivite. Edicións Sálvora. A CORUÑA. O ENSINO EN GALICIA, de Antón Costas Rico. Edicións do Cerne. Santiago.

curso de lingua

XOSE M. DOBARRO
M. PILAR GARCIA NEGRO

Vinteduas

Queridos amigos:

Na vosa sección sobre o idioma galego hai unhas semanas saíu dito, con estas ou semellantes palabras, que o verbo aprender debe empregarse só no senso de adquirir coñecementos, e que se debe empregar o ensinar pra acción de transmitilos.

Pola miña terra, que é a Terra Chá, de sempre usouse o mesmo verbo, aprender, nas dúas accións, ou seña, como dician as gramáticas do meu tempo. Eu aínda me acordo de que unha mestra que tiven ós oito anos e que era española reñianos moito por decir o meu pai aprendeu-me a ler ou cousas semellantes. Por certo que aquela mestra, se me permitides contárvolo, era moi nova e tiña moitas ganas de comer o mundo. A súa pedagogía, vista con ollos de boxe, non era a máis axeitada: arreaba cada pau coa regra que che quedaban as mans aformigando pra todo o día.

Máis volviendo ó conto, eu penso que vos equivocastes cando afirmastes dun xeito tan terminante que non se debe aplicar

o verbo aprender no sentido de ensinar. Ademais de na Terra Chá, sei que na Fonsagrada, en Ourense e no Morrazo, polo menos emprégase así, o que me fai pensar que se trata dun uso común a toda Galicia. Se boxe os novos -e tamén a maioría da xente das cidades- distinguen sempre os dous verbos, usando a forma castellanizada ensinar, é por un contaxio do español probablemente.

O certo é que no galego hai moitas palabras que teñen un significado máis amplo ou máis estricto en galego ca en español, descoincidindo os campos semánticos. Por eso que é necesario ir pouquiño a pouco, estudiando palabra a palabra con moito coidado, porque o idioma é moi complicado e non doado de reducir a esquemas.

Unha aperta nacionalista,

DARIO XOHAN CABANA

RESPOSTA A DARIO XOHAN CABANA

Querido amigo e compañeiro: Respondemos hoxe ás puntualizacións sobre o significado dos verbos "aprender" e "ensinar", aínda que a resposta sexa repetición en grande parte do que xa apuntáramos na lección Dezaseis. En todo o que signifiquen aclaracións ou delimitacións semánticas no noso idioma, an-

damos por un terreo moito máis esbaradizo que se nos referimos á fonética ou a morfo-sintaxe. Que "verdad", "había dito" ou "semexante" son españolistas clarísimos é algo perfectamente demostrábel; que "horizonte", "espeutago" ou "ourentar" son tamén deferencialismos hiperexcebristas que se usaron para distanciarse do noso idioma do español que se sentía como ameaza constante, tamén é algo claro. Trazár, en cambio, a fronteira semántica entre dous signos con significados que se rozan ou se complementan é, en principio, máis malo que establecer, porque precisamos é na esfera semántica da lingua onde operan con máis forza as influencias da lingua dominante, como no noso caso, e onde é máis difícil de precisar o que é desenvolvemento interno da propia lingua e o que é influxo ou préstamo estranxeiro, aceptábel ou non.

Verbo de "aprender", non ignoramos o uso único que deste verbo se chegou a facer pra indicar as dúas accións complementarias. Mais ensinar e "aprender" existían nos textos galegos medievais con dous significados diferenciados; o portugués actual consérvaos e máis tamén os nomes derivados: ensino, ensinamento, etc. Estas dúas razóns cremos que abonan a conveniencia de manternos, hoxe, os dous verbos con candasun significado. Fóra dos significados aténdonos ao significado, cremos tanto ti coma nos estamos de acordo no principal, isto é, nun ensino galego e, por tanto nun aprendizaxe galego.

Tamén estamos de acordo en que compre ir pouco a pouco e en que, por suposto, o idioma non é algo reducíbel a esquemas, nen nós o pretendemos. O que intentamos dar uni-

camente son unhas pequenas "recetas" correctivas de determinados usos contaminados e, outros casos, suxerir ou aconsellar o que nos parece máis conveniente. E máis nada. Unha aperta nacionalista e patriótica.

RESPOSTA A JOSE RAMON FERNANDEZ

Agradecemos moi cordialmente a súa opinión sobre o curso. O noso comunicante reférese ao texto de Castelao reproducido no número 101.

"... A nosa lingua está viva e frocere en Portugal..."

"Con vós dízedes (continúa a súa carta) esto é algo que calquer olha, a non ser que estexa cego de cegueira "fanática".

Pero quixera que me explicádes, por que entón, me traducides cando eu vos escribo algo en galego "descontaminado"? Ao millor estou equivocado, pero eu penso que o meu galego é cen veces millor que o que empregan os "castrapistas".

De todos xeitos, penso que o feito de traducirme unha carta que se publique na sección de "Terra asoballda" é tanto como "humilhar" o meu galego, si temos en conta que nesa sección tem-se publicado cartas en catalán.

"...Esto por si non considera-des galego o que eu escribo..."

E até sempre, non penso molestáros máis com as minhas cartas en "PORTUGUES"? que

eu considero máis galego que o que emprega, por exemplo, o PSOE, PC, nos seus "anuncios" publicitarios. E podíamos seguir nombrando grupos plíticos. Até sempre!"

Non imos a repetir as nosas opinións sobre o galego e portugués que pensamos que, ademais de no número 101, quedaron, entendemos, que se ben non descartamos que nunha planificación futura feita por nós e pra nós poidese chegar a variar a actual ortografía do noso idioma, hoxe por hoxe parécenos necesario insistir no máis importante: a necesidade de facer do noso idioma lingua normal e única do noso país. O outro seméllanos algo así como poñer o carro diante dos bois.

No que se refere á ortografía, fala de "tradución" das súas cartas. Nós entendemos que o feito de modificar grafías non supón tradución de ningún tipo senón adaptación ás liñas xerais da ortografía do semenario e que todo o seu contido debería responder a uns mesmos criterios ortográficos, sen excepcións de ningún tipo.

Estamos totalmente de acordo con que PSOE, PC e demais partidos españois van facer sempre un uso oportunisto e ambiguo do noso idioma, o que conleva empregalo con ortografías dialectizantes, exóticas, "ortopédicas",... porque non hai un interés real en normalizalo.

Apontando que tanto as súas cartas, como todas as demais que demostran un interés claro polo presente e futuro do noso idioma, non supoñen molestías ningunas, senón todo o contrario, enviámolle saúdos nacionalistas e patrióticos.

CARTAS

CARTA-INFORME DA S.G.H.N. AO CONCELLO DE LOVIOS, SOBRE UN INFORME DA "COMISION DE VERTEBRADOS"

A Sociedade Galega de Historia Natural lista a levar ao cabo en todo o territorio galego o Atlas de Vertebrados de Galicia, que pode que vostedes coñezan pola prensa. Este proxecto pretende averiguar, entre os anos 1980 e 1985, a distribución de todas as especies de vertebrados no noso país, polo que iste divídese en cuadrículas de 10 Km. de lado.

A súa importancia ponse de manifesto nada máis que con pensar no papel que deberá de xogar na realización dos Plans de Ordenación do Territorio, entre outros.

Entre os días 1 e 7 deste mes de Abril un equipo do Atlas de Vertebrados de Galicia estivo en Lovios e Torneiros para facer o censo das especies correspondentes a esa cuadrícula, en boa parte por estar consideradas as serras do Xurés e de Sta. Eufemia como de interés preferente. Abonda con decir que algunhas especies de vertebrados non están citadas en toda Galicia máis que en esa zona. Os no-

sos resultados provisionais en canto a número de especies son:

Table with 2 columns: Species name and count. Peixes: 4, Anfibios: 7, Reptis: 13, Aves: 59, Mamíferos: 18

faltando por determinar os micromamíferos, por ser este traballo de laboratorio e que supón un pouco máis de tempo.

Ao marxe destes datos, queremos sinalar unha serie de feitos moi graves observados por nos.

En primeiro lugar, a utilización de cebos envenenados. Hai que repetir aquí, unha vez máis, que esta práctica tan xeralizada neses pobos, vai dirixida a acabar con especies (moitas delas protexidas pola lei) que teñen unha incidencia mínima na caza e na ganadía, xa que os poucos destes animais mortos por elas son cáseque exemplares enfermos ou moi vellos. E, por contra, ao romper o equilibrio ecolóxico coa desaparición das victimas do envenenamento, provocase unha grande proliferación de certas especies (ratos e insectos sobre todo) que si que son dañinas para activida-

des humanas de interés público, maiormente a Agricultura.

Éso sen contar coa morte por envenenamento de especies "inocentes" e o grave perigo de contaminación dun río, que podería chegar á intoxicación -ou a morte- dalgunha persoa. Non hai que esquecer tampouco que algunhas especies comestíbeis (caso da lebre, por exemplo) son en parte carroñeiras, e non é difícil supoñer que algunha pode ser cazada envenenada pra aínda viva, pasando-lle o veneno a quen a come.

De non menor importancia é o problema da destrución do chan, causa por 2 motivos:

- 1) As repoboacións feitas con especies desaxeitadas (pinos e eucaliptos).
2) Os incendios, evidentemente provocados e tan repetidos, xa seña para aproveitar a madeira queimada ou para conquistar pastos para fando.

Todos estas factores provocan unha desaparición de especies animais e vexetais, ademais da do propio terreo, que vai sendo levado polas choivas e os ríos, e que se perde. Isto é un proceso de erosión irreversible, imposíbel de recuperar polo menos

en centos ou milleiros de anos.

Estas situacións vense agravadas pola insuficiente falta de control e vixilancia (daí tamen a gran abundancia de furtivos) que son causa do estado verdadeiramente lamentábel de todos eses montes.

Abonda con botarlle unha olla da ao veciño Parque Nacional Portugués da Peneda Gerés para darse conta das grandes posibilidades de riqueza desta outra terra galega tan estragada.

Fdo. Ramón Mascato García
Secretário do Atlas de Vertebrados de Galicia.
Sociedade Galega de Historia Natural SANTIAGO

"COMPANYS....."

Compañeiros: Mándovos esta carta con prego de publicación para botar ao ar unha idea que pódia que xa teñan ou teñades algúns ou que se cadra xa existe.

Són un catalán que creo coñecer aínda ben a realidade galega (cultural, xeográfica, política, etc.), e estou seguro de que esta realidade lles podería interesar a moitos outros cataláns, tendo en conta a forte presenza de

galegos no meu país, "que és el vostre".

Da mesma maneira, coído que a moitos galegos lles podería interesar o que pasa na nosa nación e a partir destas premisas, estreitar aínda máis os vencellos de unión entre os nosos pobos.

Por todo isto, é que propoño a idea de fundar unha "Associació per l'amistat catalana-gallega/Asociación pola amizade galego-catalana", que recollera, aínda que só fora parcialmente, o espírito daqueles patriotas cataláns, bascos e galegos que fundaron GALEUZCA.

Penso que ao primeiro haberíase de formar arredor de círculos intelectuais (filoloxía románica, etc.), galerías de arte, grupos de teatro e música, seccións culturais de bairros, vilas, etc.

Un saúdo nacionalista dende Catalunya.

Joaquim Ventura
Carrer del Cos de Maig-277-6é-3a.
BARCELONA-25 (Catalunya)
(Traducido do Catalan)

SOLUCION AO PASATEMPO DO NUM. ANTERIOR:

"Moita xente na Estrada".
(Moita X en T / na estrada).



# A NOSA TERRA

## DIANTE DO PRIMEIRO DE MAIO

LOIS RIOS PAREDES

**Unha vez máis, os traballadores galegos asistimos á conmemoración do DIA PRIMEIRO DE MAIO, data que representa para todos os traballadores o combate da clase obreira de todo o mundo en defensa dos seus dereitos e intereses inmediatos, no camiño da súa liberación, da eliminación da explotación do home polo home.**

Unha data na que a clase obreira rememora os sufrimentos diarios da explotación a que está sometida e na que tamén celebra esperanzada a liberdade dos traballadores que xa se deron librado da explotación capitalista nos seus países, marcándonos a obrigación inexcusable de percurarmos en cada nación a nosa propia liberación.

Porque a loita de clases, o combate da clase obreira contra o capital dáse en cada nación de maneira específica, concreta, en relación coas propias circunstancias que sufrimos os traballadores, isto é, ante uns problemas reais e na conquista duns obxectivos concretos.

En Galicia, a situación que padecemos os traballadores caracterízase pola desfeita de centos dos poucos postos de traballo que existen, por un forte e ascendente nivel de desemprego que motiva e perpetua a sangreira emigratoria como saída de subsistencia e que progresivamente arruína e empobrece á nosa Pátria, por unhas condicións infrahumanas de traballo en sectores básicos da produción que abrancen a milleiros de traballadores, polos baixos salários existentes, e pola penetración da rapiña monopolista que intenta cada día con máis forza -arruinando ao seu paso centos de postos de traballo nas pequenas empresas- afortalar as súas posicións económicas e de clase.

Apoiados en todo momento polo Goberno Español que constantemente articula o proceso que pretende levarnos ao encadenamento do movemento sindical mediante unha lexislación regresiva, incluso con relación a dereitos xa conquistados, da que os expoñentes máis recentes son o Estatuto dos Traballadores, e os proxectos de regulación da Folga e Lei Básica de Emprego.

Medidas todas elas que contan co apoio decidido da socialdemocracia e do eurocomunismo, con diferencias relativas, consecuencia directa do maior ou menor grao de oposición que por razóns de posición, electorais, en cada momento elles conveniente observar.

Precisamos, ante esta situación, ser conscientes das dificultades que encerra o momento político e sindical, para evitar que se consoliden as agresións ao movemento obreiro, pondo bases sólidas para librar unha longa bata-

lla contra todas estas medidas, para o que é imprescindible incorporar o maior número de traballadores ao movemento sindical organizado.

Debemos ter presente que a política económica dos monopólios, do Goberno Español, busca exclusivamente o privilexio dos intereses do gran Capital -Plan Económico do Goberno- nestes intre nos que a profunda crise na que se desenvolve a economía española pon en evidencia e cuestiona o propio sistema e estrutura capitalista colonial.

Así, baixo unha pretendida identidade de intereses o capital busca a "colaboración" dos traballadores para salvar a situación actual e dar novo pulo ao sistema, por medio da acaparamento capitalista á conta da diminución progresiva da capacidade adquisitiva e merma de dereitos sindicais dos traballadores, sen que isto signifique -senón todo ao contrario- melloras de carácter social en ningún aspecto, nen moito menos aínda -pola súa propia coherencia e necesidade- creación de postos de traballo que compensen siquera os destruídos neste proceso.

Destá maneira, sectores enteiros da economía galega debátese nunha profunda crise, consecuencia do desenvolvemento económico colonial e provocada en importante medida pola adecuación da economía española aos intereses do capital monopolista -Mercado Comun Europeo; son os casos do campo, da pesca, da industria textil, da madeira, da conserva, da construción naval... sen que polo Goberno Español se articule a máis mínima medida de solución alternativa a estes problemas que sumen á nosa Nación en conxunto, e de maneira especial a determinadas comarcas como Ferrol, e localidades como Porriño, Redondela, etc., na depresión económica máis absoluta coa conseguinte perda de postos de traballo e repercusións directas noutros sectores e poboacións en xeral.

Nesta situación, precisamos articular con máis forza a unidade dos traballadores galegos, conscientes de que esa é o arma fundamental de defensa e de avance que contamos, e neste empeño debemos fundar sen regatear medios o noso esforzo máis consciente. Porque só unidos e organizados estaremos en disposición de librar este combate con posibilidades de éxito para a nosa clase e para o noso País. Unidade que ten que darse baixo presupostos concretos, reais, e sóbora obxectivos comúns a toda a clase traballadora galega.

Cando falamos, por tanto, de unidade, falamos desde a perspectiva duns intereses concretos, o que desbota por si mesmo as declaracións pomposas de arelas de unidade vacías de todo contido, a que nos ten tan acostuma-

dos as centrais sindicais españolas. Precisamente por esa razón, este obxectivo encerra importantes dificultades, moito máis profundas canto maiores son as necesidades de dotar unha resposta firme e efectiva á problemática que os traballadores galegos padecemos, principio polo que ten que rexirse -se ha de servir para algo a unidade- o sindicalismo patriótico, de clase. Pola mesma razón a socialdemocracia e o eurocomunismo non reparan na celebración en conxunto do Día Primeiro de Maio: porque nen esa unidade ten contido, nen as diverxencias mantidas nos últimos meses de negociación colectiva responden a máis intereses que os puramente coxunturais e electorais, nen existen diferencias co sistema político "democrático" e autonómico que o poder intenta consolidar.

Para os patriotas galegos a unidade céntrase básicamente en agrandar cada día máis a nosa presenza sindical, en orgaizar máis solidamente as estruturas sindicais con que contamos; en clarificar constantemente aos traballadores sobor dos presupostos e práctica sindical das centrais españolas e tamén dos intentos confusionistas de última hora no terreo sindical doseudogaleguismo.

Esta actuación require un esforzo constante para conseguir unha intervención cada día máis grande en todos os asuntos da vida sindical, un enfrentamento consecuente, aberto e sen tregua cos inimigos de clase e cos seus colaboradores, percurando neste proceso a clarificación das bases do sindicalismo españolista. Ese é, neste momento, o único camiño realista da unidade que non defraudará a nosa clase e que nos permitirá afrontar con éxito a situación actual.

Por esta razón novamente no Día Internacional dos Traballadores, asistiremos á súa conmemoración por viciros diferentes, cada quen segundo a súa práctica sindical. Non faltarán os que decididamente celebren en conxunto coa Central patriótica esta data, dentro dun proceso de replantexamentos políticos e sindicais, que nos amosará que, aínda non exenta de dificultades e precisamente como resultado do noso combate sindical e social, esta unidade pode ser posíbel sempre que os obxectivos vaian parellos.

Así pois, con entusiasmo de clase conmemoraremos este Primeiro de Maio, na certeza de que coa nosa actuación contribuímos desde a nosa propia Pátria á liberación dos traballadores de todo o mundo, seguros tamén de que o día dos asasinatos dos nosos compañeiros en Chicago, non está tampouco máis lonxe que o día do remate da nosa explotación colonial.



Grabado de DIAS COELHO